

**DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO
DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS

**PLAN DE ORDENACIÓN DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACIÓN AGRARIA
DA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE VILADONGA
(CASTRO DE REI- LUGO)**

Dirección técnica administrativa:

Manuel Tubío Figueiro
Enxeñeiro técnico agrícola
Coordinador da ZRP

Empresa colaboradora:



SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Ronda da Muralla 70, baixo 1
27071 Lugo
T.: 982 294 493
infraestruturas.agrarias.lugo@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





Índice

Xustificación.....	1
1. Contido, redacción e aprobación do Plan de Ordenación de Predios de Especial Vocación Agraria.....	2
1.1. Contido.....	2
1.2. Redacción.....	3
1.3. Aprobación.....	4
2. Datos da zona.....	4
2.1. Resumo dos datos da zona.....	4
2.2. Medio Físico.....	5
2.2.1. Localización.....	5
2.2.2. Orografía.....	6
2.2.3. Hidrografía e hidroloxía.....	6
2.2.4. Climatoloxía.....	7
2.2.5. Período de xeadas.....	7
2.2.6. Criterios de Díaz Fierros e Gil Sotres (1984).....	8
2.3. Medio Biótico.....	8
2.3.1. Espazos naturais.....	8
2.4. Elementos Patrimoniais.....	9
2.5. Marco Socioeconómico.....	10
2.5.1. Mitigación dos efectos do cambio climático.....	12
2.6. Análise da situación actual dos cultivos e aproveitamentos das explotacións agrarias..	12
2.6.1. Situación actual dos cultivos e aproveitamentos.....	12
2.6.2. Situación das explotacións agrarias.....	15
2.6.3. Estrutura da produción.....	18
2.6.4. Comercialización da produción.....	19
2.6.5. Producións diferenciadas.....	20
3. Aptitude dos terreos en base a criterios técnico agronómicos, económicos e sociais.....	20
3.1. Descrición da Metodoloxía aplicada.....	20
3.2. Determinación das principais orientacións produtivas.....	21
3.3. Definición dos usos no terreo.....	21
3.4. Requisitos dos solo para as principais orientacións.....	22
3.5. Factores analizados.....	22
3.6. Factores orográficos e agronómicos. Análise dos factores para a ZRP Viladonga.....	22
3.6.1. Pendente.....	22
3.6.2. Orientacións.....	24
3.6.3. Capacidade produtiva.....	25
3.6.4. Cobertura histórica do solo.....	26
3.6.5. Cobertura actual do solo.....	27
3.6.6. Proximidade a zonas con risco de erosión.....	28
3.6.7. Proximidade a vías de comunicación.....	30





3.6.8. Proximidade a asentamentos de poboación.....	31
3.6.9. Proximidade a explotacións.....	32
3.7. Cálculo do peso dos factores.....	34
3.7.1. Cálculo do peso dos factores para o uso agropecuario.....	34
3.7.2. Cálculo do peso dos factores para usos forestais.....	35
4. Mapa de aptitude.....	36
4.1. Mapa aptitude uso agropecuario.....	37
4.2. Mapa aptitude uso forestal.....	38
5. Mapa de ordenación usos agroforestais.....	39
6. Instrumentos de ordenación urbanística.....	40
7. Orientacións prioritarias propostas.....	43
7.1. Uso agropecuario.....	43
7.2. Uso forestal.....	43
7.3. Necesidades mínimas de terreo par aos distintos usos.....	44
8. Iniciativas singulares.....	44
9. Estudo de trazas dos camiños.....	45
10. Proposta do plan de obras.....	47
11. Normas específicas no deseño de predios de substitución para explotacións integradas no POPEVA.....	48
11.1. Normas técnicas xerais para o emprazamento das predios de substitución.....	48
12. Réxime transitorio.....	49
13. NORMATIVA.....	50
14. BIBLIOGRAFÍA.....	51
15. PLANOS.....	53
15.1. PLANO SITUACIÓN E LOCALIZACIÓN.....	53
15.2. PLANO ANÁLISE SITUACIÓN ACTUAL.....	53
15.3. PLANO DE TRAZAS DOS CAMIÑOS.....	53
15.4. PLANO DELIMITACIÓN USO AGRÍCOLA E FORESTAL.....	53
15.5. PLANO CON VISTAS 3D.....	53





Xustificación

Con carácter xeral, debemos comezar sinalando que o artigo 33 da constitución española recoñece o dereito á propiedade privada, pero non obstante, non como un dereito de carácter absoluto, sinalando que "*a función social*" deste dereito, delimita o seu contido suxeitándoa ao ben común, o que significa poñerlle diversos límites en orde a acadar o obxectivo económico dunha maior produtividade e o social dunha mellora das condicións de vida no rural individual e colectiva.

A reestruturación parcelaria supón un forte investimento da administración agraria autonómica nunha determinada zona, na que con carácter previo se detectaron necesidades estruturais que, de solventarse, redundarían na mellora da produtividade das terras e da calidade de vida dos seus titulares, esixíndolles en contraprestación que a terra sexa explotada con criterios técnicos e económicos apropiados segundo o seu destino agrario mais axeitado.

O procedemento de reestruturación parcelaria da zona de Viladonga (Castro de Rei, Lugo), foi declarado de utilidade pública por Decreto do Consello da Xunta de Galicia 79/2021, do 29 de abril, (DOG núm. 89 do 12 de maio de 2021).

A norma reguladora dos procesos de reestruturación parcelaria é a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (en adiante METAGA) que deroga a ata entón vixente normativa en materia de concentración parcelaria. O novo texto legal introduce unha serie de novidades tales como a figura do Plan de ordenación de fincas de especial vocación agraria (POPEVA) que pretende que o resultado da reestruturación parcelaria supoña non so unha mellora dimensional das explotacións, senón unha auténtica ordenación dos usos agrarios, de xeito que se mellore a súa viabilidade técnica, económica e social.

Este plan aparece definido no apartado 21 do artigo 4 da citada norma como "*Documento técnico que serve como instrumento de aplicación para o cumprimento dos obxectivos sinalados no artigo 2 da lei*" (mellora das condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións de acordo con criterios de ordenación axeitada e sostible das mesmas e dos seus cultivos e aproveitamentos, baixo a perspectiva da súa utilidade económica e social, co fin de fixar poboación no medio rural facendo rendible a actividade produtiva, o establecemento de medidas que faciliten a mobilización para o uso agrario de fincas, incrementando a superficie das explotacións, ordenar axeitadamente a estrutura territorial agraria dentro do respecto aos valores medioambientais e paisaxísticos entre outros).

Cómpre que os fortes investimentos que todo proceso de reestruturación parcelaria implica non rematen coa inscrición dos predios no rexistro da propiedade, senón que se contempla a reestruturación parcelaria como un conxunto de investimentos no territorio que permitan cumprir os seus fins, entendendo o espazo rural como un conxunto de actividades relacionadas e equilibradas, no que as funcións produtivas deben convivir en harmonía coas de defensa da contorna, da paisaxe e do patrimonio, de cara a un obxectivo único: a mellora da calidade de vida da poboación no seu medio, a loita contra o abandono rural, a fixación da poboación no territorio, a procura dunha alimentación sa e de calidade, e por suposto a mellora dos servizos postos á súa disposición.

O POPEVA debe ser ademais un instrumento que faga posible o respecto á actividade agraria, aos recursos que emprega, ao ecosistema no que se desenvolve e á paisaxe que xera e favorecer a convivencia entre o mesmo sector agrario e entre este e outros intereses como os culturais, medioambientais, sector servizos etc.





O obxectivo non é reducir a reestruturación parcelaria a unha mera reorganización da propiedade agrupando as terras, senón tamén unha reordenación dos usos agrícolas e forestais que permita que as explotacións agrarias existentes melloren, e que se implanten novas explotacións na zona, atraídas pola configuración e superficie dos novos predios, a mellora da infraestrutura existente que facilite o seu aceso e supoña unha redución de custos, nun territorio ordenado no que atinxe aos aproveitamentos evitando a infrautilización e o abandono de terreos e, en definitiva, que os propietarios dos terreos cultivadores directos ou non, dando cumprimento á función social da propiedade, a incorporen ás explotacións existentes a través de mecanismos de cesión de terreos (arrendamentos, incorporación ao banco de terras etc) o que redunda nunha mellora do territorio e dos seus moradores.

En definitiva, o POPEVA serve como instrumento aplicable para o cumprimento de todos os obxectivos que se sinalan no artigo 2 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

O plan zonifica o territorio obxecto de reorganización, determinando a grandes rasgos aquelas superficies cuxo uso ou aproveitamento primordial debe ser o estritamente agropecuario e aquelas outras nas que prima o uso forestal, atendendo sempre a criterios obxectivos.

Trataríase delimitar zonas estritamente agrícolas, nas que as terras deben aproveitarse con cultivos agrícolas, atendendo as necesidades de superficie das explotacións e o maior grado de aptitude do terreo para os cultivos requiridos, atendendo a factores como a pendente, orientación, capacidade produtiva, cobertura actual e histórica, etc. Os cultivos concretos para as explotacións agrogandeiras da zona (fundamentalmente pastos e millo) teñen requirimentos similares, mesmo frecuentemente forman parte dunha rotación, polo que en conclusión non se abordan zonas de ordenación preferentes neste plan considerando inicialmente a zona sen aptitude específica.

De forma similar delimítanse zonas para uso forestal, terras onde se permite os aproveitamentos forestais de acordo ca normativa e planificación actual vixente.

1. Contido, redacción e aprobación do Plan de Ordenación de Predios de Especial Vocación Agraria.

1.1. Contido

O artigo 4.21 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, recolle o contido que obrigatoriamente debe incluír o POPEVA, así:

- a) A identificación da situación actual dos cultivos e aproveitamentos e da estrutura das explotacións agrarias con presenza na zona de reestruturación.
- b) O establecemento e delimitación dos diferentes usos das terras incluídas na zona de concentración, en base a criterios técnico-agronómicos, económicos e sociais.
- c) A determinación das orientacións prioritarias (cultivos e aproveitamentos que poidan ter sostibilidade potencial e real de servir de fundamento á constitución e mantemento de explotacións ou iniciativas de aproveitamento en común, técnica, social e economicamente viables) e a determinación da dimensión mínima en superficie e instalacións precisas para acadar esa viabilidade para cada orientación produtiva.
- d) De ser o caso, a inclusión como orientacións prioritarias daquelas iniciativas singulares,





presentadas por persoas físicas ou xurídicas, relacionadas con cultivos ou aproveitamentos non incluídos no apartado c, que inclúan un plan de viabilidade técnico-económica informado favorablemente polo servizo provincial competente.

- e) A apertura dun proceso de incorporación voluntaria ao plan de explotacións e iniciativas agrarias de aproveitamento en común existentes ou de nova creación, interesadas en formar parte activa do plan, asumindo as obrigas e dereitos que para este caso recolle a METAGA.
- f) A definición das normas técnicas específicas para o deseño dos novos predios, para maximizar a súa utilidade.
- g) A documentación cartográfica que plasme os resultados do plan.
- h) As necesidades mínimas de terra por orientación ou cultivo, dentro da zona de reestruturación, para garantir a viabilidade das explotacións agrarias resultantes.

Aos terreos de natureza forestal aplicarase a planificación forestal establecida na lexislación de montes en vigor.

O POPEVA, por unha banda, ordena os usos agrarios na zona obxecto de reestruturación parcelaria, aspecto este no que, logo de aprobado por resolución da dirección xeral competente, ten carácter vinculante para todos aqueles aspectos relativos a ordenación de usos agrarios. (artigo 20.4 da METAGA).

E por outra banda, identifica os cultivos ou aproveitamentos agrogandeiros ou forestais mais idóneos, polas súas características agronómicas e de adaptación ao tecido socioeconómico, para impulsar explotacións agrarias técnica, económica e socialmente viables- as orientacións prioritarias da zona; identificando e delimitando a parte do territorio que presenta as mellores condicións para a implementación daquelas orientacións produtivas; constituíndo o resto do territorio obxecto de estudo áreas sen aptitude específica, que non obstante isto, deben respectar os usos xerais (agrícola/forestal) previstos no POPEVA para esas zonas.

Esta outra vertente do POPEVA – a determinación das áreas de reestruturación preferente e sen aptitude específica e as orientacións prioritarias produtivas- é obrigatoria unicamente para aquelas agrupacións de titulares, explotacións, iniciativas singulares e aproveitamento en común que se comprometan a integrarse no plan de ordenación primeiro durante a exposición pública do POPEVA converténdose esa integración en definitiva - tanto a incorporación ao plan como o compromiso de aproveitar as terras conforme ao determinado para elas no plan-, na fase de manifestación das preferencias sobre ubicación dos futuros predios de substitución.

1.2. Redacción

A redacción do POPEVA, co contido que se ben de citar, é previa á aprobación das bases da zona de reestruturación parcelaria.

Logo de elaborado, o plan será sometido ao informe do comité técnico asesor, órgano multidisciplinar do que participan a meirande parte dos actores con competencias e intereses sobre o agro galego, entre eles o órgano forestal, pero tamén outros órganos da administración galega (patrimonio, medio ambiente, cultura, estradas, etc) e outras administracións públicas e todos os actores alleos á administración con incidencia no territorio.

O POPEVA unha vez redactado, sométese a un procedemento de exposición pública para coñecemento de todas as persoas interesadas, para que durante o prazo de un mes, poidan examinar aquela documentación e formular as alegacións que estimen pertinentes, que serán





estudadas e resoltas polo servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.

1.3. Aprobación

Logo da tramitación regulamentaria, o POPEVA é aprobado por resolución da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural e comunicado ao concello, pasando a ter carácter vinculante para todos aqueles aspectos relativos á ordenación de usos agrarios.

Esta resolución será notificada e publicada consonte ao establecido na normativa de aplicación, e será susceptible de recurso de alzada no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación individual ou, no seu caso, publicación substitutiva.

2. Datos da zona

2.1. Resumo dos datos da zona

O perímetro da zona a concentrar, a partir dos datos das bases en elaboración, son:

Datos da ZRP de Viladonga	
Superficie Total da ZRP (Has)	577
Superficie aportada por mvmc (ha)	271
Número total de propietarios	147
Número Total de parcelas (Nº)	577
Superficie media das parcelas sen ter en conta o MVMC (has)	0,39

Táboa 1. Datos da ZRP de Viladonga. Elaboración propia a partir dos datos das Bases.

Destacar pola importancia superficial o Monte Veciñal en Man Común (MVMC) de Rodela e Touzón pertencente aos veciños da parroquia de Viladonga, que ocupan 271 has conforme os datos da investigación de propiedade incluíndo tanto as parcelas xa clasificadas como outras así declaradas polos seus representantes, gran parte das cales en convenio forestal.

No referente ao planeamento urbanístico do Concello de Castro de Rei, este concello conta con Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente con data 10 de xullo de 2020 (DOG 24/07/2020) no que se definen un total de nove núcleos rurais na zona de reestruturación: Salcedo (NR-141), Montebón (NR-138), Rodao (NR-139), A Cova (NR-137), Cañoteira (NR-134), Campo (NR-133), Carreira (NR-135), Casela (NR-136) e Rúa de Arriba (NR-140).

Os solos de núcleo rural inclúense no proceso de reestruturación parcelaria, logo de solicitude presentada polo concello aprobada en sesión extraordinaria do día 24 de xullo do 2024 *"sobre a inclusión dos núcleos rurais reflectidos no PXOM como parte integrante das actuacións de reestruturación parcelaria de Viladonga e actualización da planimetría catastral"*.

Cómpre sinalar tamén que dentro da zona de reestruturación parcelaria non se inclúen as parcelas afectadas pola presenza do castro de Viladonga, extremo que xa se tivo en conta nas primeiras fases tendentes a determinar a utilidade pública desta reestruturación parcelaria, de xeito que xa no estudo inicial aquela zona non foi obxecto de estudo de impacto ambiental nin se





someteu á consideración do órgano con competencias ambientais.

A maior abastanza indicar que as limitacións no que atinxe a actuacións físicas no terreo na zona, así como o importante valor arqueolóxico deste ben de interese cultural priman sobre o interese agrario nesa zona concreta, que en ningún caso debe prexudicar os valores patrimoniais que alí se atopan.

2.2. Medio Físico


2.2.1. Localización

O termo municipal de Castro de Rei atópase enmarcado na comarca natural da Terra Chá, a cal se sitúa a 24 km da capital da provincia e amosa unha grande aptitude para a gandería, agricultura e actividade forestal. Este municipio limita ao Norte cos termos municipais de Cospeito e A Pastoriza, ó Sur cos de Lugo, Castroverde e Pol, o Leste novamente con Pol e Pastoriza e o Oeste con Lugo e Outeiro de Rei.

A zona de reestruturación parcelaria de Viladonga limita:

- Norte: coas parroquias de Balmonte e Ramil no Concello de Castro de Rei.
- Sur: coa parroquia de Ludrio;
- Leste: coa parroquia de Ramil, e o concello de Pol.
- Oeste: coas parroquias de Ansemar e Balmonte do Concello de Castro de Rei.

Destacar que as zonas de Ansemar, Balmonte-Goberno e Ramil no Concello de Castro de Rei e Silva- Eirón no Concello de Pol, son zonas de concentración parcelaria xa rematadas.



Imaxe 1. Parroquia de Viladonga (Castro de Rei). Elaboración propia en Qgis





2.2.2. Orografía


En canto á orografía, a área obxecto de estudo caracterízase por abarcar unha superficie maioritariamente chaira e de suaves ondulacións, que non presenta grandes diferenzas de altitude, sendo a cota máxima de 575 metros e a mínima de 440 metros. A meirande parte do municipio, polo seu emprazamento participa na plenitude topográfica da penechaira que en poucas ocasións supera os 600 metros sobre o nivel do mar, salvo nas zonas montañosas da periferia. A pesar diso, as cotas mínimas oscilan preto dos 350-380 metros, mais entre elas destacan os montes dos Arroxos (493m), O Condado (457m), Aguceira (449m), Abroiti e Pedras Albas, de 478m e 616 m respectivamente. Na parte oriental do termo é onde o relevo se presenta máis accidentado 619 m en Pedrasalvas, 631 m. en Monte dos Millares e 620 m en Monte do Marco, sendo un anticipo das alturas que enmarcan as mesetas polo Este.

2.2.3. Hidrografía e hidroloxía

A rede hidrográfica ten, sen lugar a dúbidas, como principal curso fluvial o río Miño, e en torno a el artéllanse as restantes correntes que verten as augas polo municipio

O río Lea forma parte importante do entramado hidrográfico neste municipio. Todas estas redes fluviais caracterízase pola existencia dun máximo invernal e un mínimo estival, de acordo co réxime pluviométrico, mentres que a morfoloxía da conca non cambia moito ó longo do seu percorrido polo concello, discorrendo a través de vales cuxo perfil transversal se caracteriza por vertentes de suaves pendentes que apenas alteran a superficie de erosión.

No caso concreto de Viladonga son catro os regos máis importantes que aparecen representados na Imaxe 2, de norte a sur correspóndese: Martesiño, Montelongo, Xesteira e Porto do Muíño.



Imaxe 2. Localización dos cursos fluviais da parroquia de Viladonga.






2.2.4. Climatoloxía

Co fin de levar a cabo unha caracterización climática da zona, analizáronse os datos da estación meteorolóxica de Rozas-Aeródromo, tendo en conta diversos factores como son a proximidade á zona de estudo, similitude no relevo cos concellos limítrofes, orientación, altitude e por suposto a dispoñibilidade de datos en AEMET. A estación meteorolóxica de Rozas está situada nas coordenadas UTM (X: 601582, Y: 4781932) a unha altitude de 446 m.

ROZAS	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SEP	OCT	NOV	DEC	ANUAL
T°C	5,9	6,7	8,8	9,4	13,1	15,4	18,0	18,0	16,0	12,5	9,0	7,3	11,7
PRECIP.	113	96	64	89	79	52	33	35	78	122	106	108	974
ETP	17,8	20,6	36,3	42,8	72,2	89,4	110	102	76,5	51,8	29,6	21,8	668

Táboa 2. Temp., precipitación e evapotranspiración da estación Rozas-Aeródromo. Fonte: AEMET.

Segundo a clasificación climática de Köppen o clima en Castro de Rei pertence ao dominio do clima oceánico (tipo Cfb), con influencias dos climas mediterráneos polo mínimo de precipitacións que se da nos meses de verán, aínda que non suficientemente pronunciadas e con certo matiz de continentalidade.



Gráfica 1: Evolución período seco

Como se pode observar no balance hídrico a falta de auga (F) prodúcese nos meses de xullo e agosto. No mes de agosto ademais prodúcese o esgotamento da reserva de auga do chan, que en dous meses volve recuperar a reserva de 100 mm. O exceso de auga dase entre os meses de novembro a maio, factor a ter en conta nos cultivos agrogandeiros maioritarios na zona.

2.2.5. Período de xeadas

Na zona de Viladonga para o período temporal comprendido entre o ano 2010 e o ano 2020, tradicionalmente o mes do ano no que se cuantifica unha maior cantidade de días nos que se experimentan fenómenos de xeadas é febreiro, cunha media entornó aos 6-7 días, seguido polo mes de xaneiro cunha media de 5 días.

Para os cultivos da zona non supón limitación, mais si que limita bastante a introdución doutros cultivos leñosos ou de horta sensibles ás xeadas.





2.2.6. Criterios de Díaz Fierros e Gil Sotres (1984)

Segundo os criterios seguidos por *Díaz Fierros e Gil Sotres (1984)* na súa monografía publicada sobre a "*Capacidade produtiva dos Solos de Galicia*" existen:

- Os solos sen limitación para a mecanización, pero con moderadas limitacións por profundidade para os cultivos de enraizamento profundo. Nas zonas máis chas non existen limitacións para o enraizamento pero prodúcese limitacións para a rega superficial por gravidade, onde non existe risco de erosión.
- Período vexetativo: Clase Abena cálido, o risco de xeadas e inferior a tres meses
- Réxime hídrico: Solos con capa freática en superficie ocasional, con condiciones de boa drenaxe natural. Con menos de trinta días de déficit de precipitación.
- Fertilidade: Dispoñibilidade de nutrientes boa. En xeral con saturación do complexo de cambio superior ó 50% e pH maiores de 5,5. Sen toxicidade.

2.3. Medio Biótico

2.3.1. Espazos naturais

A zona de estudo non conta con ningunha figura de protección ambiental LIC, ZEPA, ou Zona RAMSAR. Realizouse un Estudo de Impacto Ambiental (EIA) que ten como principal obxectivo establecer as medidas protectoras e correctoras que cabe aplicar na zona afectada polo proceso de reestruturación parcelaria da parroquia de Viladonga tanto na fase de formulación, como execución e explotación, co fin de lograr unha correcta integración ambiental das novas infraestruturas e estruturas parcelarias, para o cal tamén se determinan as medidas de seguimento e control da execución e eficacia das actuacións. As medidas de integración ambiental recollidas neste documento preséntanse á escala e co grao de detalle que permite a información dispoñible do futuro proxecto de reestruturación.

Os hábitats (4030) están localizados nunha zona do MVMC en Busto, os (9230) sitúanse no Noroeste próximas a Chousa de Tella, Castrelo e preto de A Cova, e os formados pola (9260) localízanse nunha plantación de máis de 25 anos de idade no núcleo da Pena de Abaixo, na zona de A Casela.

Durante o proceso de reestruturación adoptaranse as medidas necesarias para evitar a perda ou deterioro das parcelas con rodais de frondosas identificados nos estudos ambientais, de xeito que as obras ou actuacións inherentes á reestruturación parcelaria precisas para dar acceso á propiedade reorganizada (viario), melloras nos predios de ser o caso e demais actuacións físicas no terreo respectarán a súa integridade; así mesmo, tentarase que as operacións reorganizadoras da propiedade manteñan como adxudicatarios na zona aos que consten como propietarios en bases, de xeito que os aportantes sexan os seus adxudicatarios.

Hábitats do Anexo da Directiva 92/43/CEE	Has
Hábitat 9230, Carballeiras galaico-portuguesas con (<i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>) de Interese comunitario	6,91
Hábitat 9260, Soutos de Castanea Sativa	0,69
Hábitat 4030 Breixeiras húmidas atlánticas de zonas temperadas (<i>E. ciliaris</i> e <i>E. Tetralix</i>)	0,18
Totais	7,78

Táboa 3. Hábitats da directiva 92/43/CEE na ZRP. Estudo Impacto Ambiental.





2.4. Elementos Patrimoniais

No relativo á paisaxe e aos elementos patrimoniais -- naturais ou culturais -- que si se incluíron dentro do informe do Estudo de Impacto Ambiental (Anexos I e II), que neste caso son os que delimitan as actuacións nesta área de reestruturación de Viladonga.

Tanto nos elementos existentes que foron identificados nas prospeccións arqueolóxicas coma aqueles elementos inventariados polo órgano con competencias en materia de patrimonio no perímetro de cautela, respecto e protección de dito espazo. Por iso, no referente ao patrimonio cultural hai que destacar a presenza dentro da zona de **reestruturación** dalgúns elementos etnográficos e xacementos de notable interese, os cales se amosan no EIA; identificáronse e cartografáronse os elementos de interese patrimonial na zona de estudo, facendo mención ás medidas protectoras a aplicar para evitar a destrución parcial ou total deses elementos e o seu entorno próximo. Dentro do Anexo I, recóllese o estudo patrimonial da zona realizado polo arqueólogo D. Francisco Manuel Herves Raigoso.

En dito documento foi considerado un ámbito de estudo mais amplo que a propia extensión da parroquia, debido a que a existencia dun elemento patrimonial nas proximidades do límite das entidades pode provocar que calquera alteración dentro dos límites da reestruturación parcelaria poida afectar ao elemento en cuestión, como pode ser o Castro de Viladonga.


Se ben é certo que o elemento Agra dos Outeiros non está situado dentro do perímetro de reestruturación parcelaria, parte da súa área de respecto si o está, por iso deberá ser tomada en consideración.

Da mesma forma, constátase que existen en total 4 áreas de protección integral coas súas áreas de respecto correspondentes. A seguir poñemos un listado dos bens patrimoniais que conforman o catálogo (Táboa 4).

Elementos arqueolóxicos	Nome	Lugar
PU00001	Castro de Viladonga (GA27010026)	A Pena de Abaixo
PU00002	O Castrelo (GA27010027)	A Casela
PU00003	O Rodao (GA27010/ I-21)	A Cova
PU00004	Igrexa parroquial de Santiago de Viladonga	Rúa de Arriba
PU00005	Cabazo de Casa de Alexandre	Rúa de Arriba
PU00006	Agra dos Outeiros (GA27010/ I-31)	Tras das Chousas
	Superficie (has)	% Sobre a ZRP
Protección Integral	0,54	0.18%
Área de Respecto	7,71	2.59%

Táboa 4. Elementos de protección integral e respecto na ZRP. Estudo Impacto Ambiental.





Imaxe 3. Áreas de protección ambiental e patrimonial de Viladonga.

2.5. Marco Socioeconómico

A estrutura demográfica en Castro de Rei amosa que o índice de envelhecimento atópase no 294,25%, mais se nos centramos na idade media do municipio mantense próximos aos ratios que marca a comunidade galega, situándose nos 52,8 anos de idade media, sendo case semellante entre homes e mulleres. Tan só, o 9.3% dos habitantes teñen menos de 20 anos, mentres que o redor do 32,3% ten máis de 65 anos, sendo o maior volume o correspondente ós adultos, de 20 a 64 anos, que representan o 58.3% do total da poboación. En canto ós principais indicadores demográficos, a taxa de natalidade é do 5.19‰ e a de mortalidade sitúase nos 20.2‰, o que supón en cifras numéricas un saldo vexetativo negativo (-78) efectivos para o ano 2022.

Por outro lado, na pirámide de poboamento observamos que se trata dunha poboación moi






avellentada de tipo “regresiva” o que reflexa a situación de moitos dos concellos limítrofes da provincia de Lugo e da Comarca da Terra Chá (Gráfica 2).

Poboación	2004	2013	2022	Variación %
Galicia	2.750.985	2.765.940	2.690.464	- 0,87
Lugo	358.452	346.005	323.989	- 1,03
Castro de Rei	5.856	5.267	5.033	-0,86

Táboa 5. Evolución da poboación en Galicia, Lugo e Castro de Rei (2004, 2013 e 2022). INE: Padrón Municipal de Habitantes.



Gráfica 2. Poboación por grupos de idade en Castro de Rei 2021. Padrón Municipal de Habitantes (INE).

No relativo ós indicadores económicos dentro do municipio de Castro de Rei, a principal fonte de ingresos ata os anos 80 procedía da actividade agraria. A partir deses anos houbo importantes transformacións e a actividade agropecuaria comezou a decaer por mor, en primeiro lugar, da propia dinámica demográfica motivo polo que as baixas por morte ou por xubilación superaban amplamente ás entradas de activos no sector, e en segundo lugar, pola transferencia dun número importante de efectivos humanos cara ao sector servizos e en menor medida cara o sector secundario (industria e construción). Ten certa relevancia mencionar que este concello si aumentou a superficie adicada o sector secundario coa construción dun amplo polígono industrial que forman parte do novo tecido de empresas do municipio vinculadas ao sector lácteo e da construción, que pola súa ubicación están relacionadas con outras estruturas dos concellos limítrofes e da cidade de Lugo, empregando case o 22,2% da poboación para o ano 2020.

Na actualidade a taxa de paro no municipio é do 5.07%, pero tal como se pode saber segundo os datos a actividade económica do municipio recae principalmente no sector terciario, supoñendo o 48.2% de activos adicados os servizos, mentres que o segundo posto en importancia é para o sector agropecuario, ocupando a un 29.5% da poboación en 2020. Na agricultura desta zona existe un predominio da pequena explotación familiar, na que se fai unha economía mixta (agrícola, gandeira e forestal). O carácter familiar advírtese no tamaño da explotación e na orientación da produción. A actividade agrícola acompaña pola gandería, predominando o gando vacún sobre as demais especies.





Se botamos outra ollada os datos de empresas do IGE para o ano 2022, o número total era de 298, das cales a meirande parte adícanse ó comercio, aseguradoras, transporte e hostaleira (136), a outros servizos (95), mentres que as de tipo industrial e construcións o número é moito menor (80).

Analizando o número de habitantes na parroquia de Viladonga debemos ter en conta tanto a evolución demográfica como a relación entre o número de habitantes e o número de propietarios de parcelas, 88 habitantes fronte a 218 propietarios, que nos indica a porcentaxe de poboación ausente do medio rural, poboación absentista que non contribúe a mellora do rural perseguida.



Gráfica 3 : Evolución demográfica

2.5.1. Mitigación dos efectos do cambio climático.

Unha actuación moi habitual nos procesos de reestruturación parcelaria é que mude a propiedade da parroquia de Viladonga, o que axudará a mitigar de maneira significativa os efectos do cambio climático, pois ó reducirse o número de predios e incrementar a superficie, a regularidade do seu perímetro, a proximidade as explotacións e a mellora da rede de camiños permiten aforrar en desprazamentos cara unha optimización no uso da maquinaria. Con iso, redúcense as emisións contaminantes, ademais implicaría unha maior dispoñibilidade de terreos agropecuarios por explotación facendo que a presión da carga gandeira sobre o territorio diminúa, o que suporá un menor risco de contaminación para o medio ambiente. Por outra banda permitiría unha reordenación dos usos do solo diminuindo en número e intensidade a posibilidade de lumes forestais na zona, todo isto modificará as explotacións de tipo gandeiro principalmente.

Agárdase que o proceso de reestruturación logre diminuír os tempos de desprazamentos e o tempo de traballo preciso por unidade de superficie, co conseguinte aforro de combustible; optimizar o uso da maquinaria; baixar a carga gandeira por dispoñer de máis superficie agrogandeira e menor dependencia do subministro de pensos de importación, obxectivos todos eles na liña da exposición de motivos da METAGA.

2.6. Análise da situación actual dos cultivos e aproveitamentos das explotacións agrarias

2.6.1. Situación actual dos cultivos e aproveitamentos

No que respecta á situación actual no Concello de Castro de Rei en canto aos cultivos e





aproveitamentos segundo o IGE (2020), este conta cunha superficie agraria útil (SAU) próxima as 9.200 hectáreas, das cales a metade correspóndese con terras labradas 4.621 has (50.23%) e pastos permanentes 4.525 has (49.17%), mentres que son moi poucas as hectáreas ocupadas por cultivos leñosos, 48 ha (0.52%), e hortas para consumo propio, que tan só se estenden por 6 has. Isto amósanos a importancia do sector primario no municipio, no que segundo o réxime de posesión dos predios en torno ao 77% das explotacións agrícolas posúe parcelas en propiedade, e no que as explotacións agropecuarias teñen un bo grado de mecanización aínda que se ten que mellorar a SAU das explotacións existentes na procura das áreas idóneas para a produción de cultivos.

Mediante a dixitalización das ortoimaxes aéreas do ano 1956 e a máis actual extraírense as seguintes superficies da cobertura histórica/actual. A cobertura histórica caracterizábase pola clara predominancia do uso agrícola (70.83%), fronte ao forestal (24.36 %). Pola contra, os usos actuais no perímetro da ZRP mudaron por completo a paisaxe, transformándose a a superficie forestal predominante que ocupa o (70.41 %) e diminuíu a superficie agrogandeira ata o 23.18%. Logo de analizadas as coberturas, constatamos que existe un abandono progresivo da superficie agrícola o que motiva a aparición de novas plantacións forestais nos últimos decenios.

Usos (1956-2023)	Dif (has)	Var %
Superficie Agropecuaria	-274.96	-67.28
Forestal	265.79	+65.41
Improdutivo	9.12	+2.4

Táboa 6. Comparativa evolución do uso do solo 1956-2023. Elaboración propia.

Atendendo aos datos recollidos no PXOM a nivel municipal, resumidos na táboa que segue, destaca a importancia da porcentaxe de pradeiras e cultivos sobre o total da superficie, relacionada coa importancia da gandería neste concello, polo que podemos supoñer que en Viladonga tamén debe ser prioritaria.

Usos do solo	Castro de Rei	
	Superficie (has)	%
Forestal Autóctono	2.127,2	11,45
Forestal Produtor	2.343,3	12,61
Matogueira	1.266,7	6,82
Pradeiras e cultivos	11.618,2	62,54
Artificial	130,3	0,70
Outros	1.091,3	5,87
TOTAL	18.577	100

Táboa 7. Distribución dos grandes usos do solo en Castro de Rei. Datos procedentes do PXOM.

Os usos maioritarios dentro do perímetro a día de hoxe, son as masas forestais produtoras, con 346 has (gran parte polo MVMC) que supoñen arredor do 60% da superficie total de Viladonga. A realidade é que os usos do solo viñeron mudando nas últimas décadas, pois onde hoxe existen masas forestais (piñeiro e eucalipto) antigamente existían terras de laboreo. Isto obsérvase na





superposición das ortofotos históricas do voo americano de 1957 coas actuais, onde máis da metade da superficie estaba cultivada ou ben se trataba de matogueiras en rexeneración.

Na seguinte táboa podemos ver os usos do solo no perímetro de concentración (Táboa 8).

Usos do solo	Superficie (has)	%
Agrogandeiro	156,65	27,15
Forestal Autóctono	50,37	8,73
Forestal Produtor	346,08	59,98
Improdutivo	23,88	4,14
Total Aprox.	577	100

Táboa 8. Distribución dos grandes usos na pq. de Viladonga. Elaboración propia a partir da ortofoto.

Por outra banda, a superficie adicada a usos agrogandeiros ten un peso relativo menor onde preto do 27% da superficie parroquial pertence a zonas intensivas e de laboreo, principalmente situados nas proximidades das explotacións e nos fondos de val. Neste caso, é clara a importancia de aumentar a superficie agropecuaria o que implica que os usos sexan modificados ou susceptibles de cambio no proceso de reestruturación parcelaria. No entanto, as masas forestais autóctonas só ocupan en torno ó 8,7%, superficie que por indicacións ambientais debe manterse especialmente no caso de tratarse de bosques consolidados con certa continuidade.

Coa finalidade de ampliar as explotacións existentes nas parroquias como mellora potencial para que se establezan outras novas, temos que tratar de recuperar e reservar determinadas masas de terras que permitan aumentar a superficie agropecuaria. Deste modo, o que se pretende é adicalas a cultivos máis rendibles economicamente e establecer así explotacións cunha base territorial suficiente para mellorar a súa viabilidade a longo prazo. Acadar un asentamento progresivo de poboación moza na parroquia é un dos principais fins, e tamén é desexable que a superficie agrogandeira de partida se puidera recuperar ata aumentar coa posible roturación de superficies de matogueira ou novas plantacións arbóreas intercaladas en zonas agrogandeiras.

Para rematar con este apartado, temos que facer unha mención á clasificación de terras elaborada como parte do traballo de campo na parroquia de Viladonga, contando co asesoramento e colaboración do grupo auxiliar de traballo. As clases de terras forman parte do contido das bases da zona de reestruturación parcelaria.





CLASE	ETIQUETA	COEFICIENTE	SUP (Has)	%SOBRE CLASE	%SOBRE TOTAL
CULTIVO	CU-1	100	32,65	24	
	CU-2	90	65,16	49	
	CU-3	80	30,04	22	
	CU-4	60	5,98	4	
TOTAL CULTIVO			134		24
MONTE	MT-1	90	10,93	3	
	MT-2	80	104,87	26	
	MT-3	70	266,22	65	
	MT-4	50	24,47	6	
TOTAL MONTE			406		74
INCULTO	IN	5	8,95		
EDIFICACIÓNS	ED	-	3,19		
TOTAL SUPERFICIE			552		

Táboa 9 : Resultado da clasificación de terras

2.6.2. Situación das explotacións agrarias

UGT	1999			2009			2020		
	Bovino	Ovino e Caprino	Porcino	Bovino	Ovino e Caprino	Porcino	Bovino	Ovino e Caprino	Porcino
	16.036	202	995	15.001	166	261	17.650	125	800

Táboa 10. Expl. gandeiras por tipo de gando para os anos 1999, 2009 e 2020 en Castro de Rei. IGE.

Como parte desa modernización agraria no concello de Castro de Rei, percíbese que nos últimos 10 anos aínda que se reduza o número total de granxas, as cabezas de gando aumentaron en case 2.650.

Estas tendencias son semellantes ás que a continuación analizamos para a parroquia de Viladonga, e apuntan claramente á actividade agrogandeira centrada no bovino como a principal actividade con tradición e futuro na zona.

En termos xerais segundo os datos das enquisas realizadas procedentes do saneamento gandeiro do ano 2016, na parroquia de Viladonga o número de explotacións activas era de 6 explotacións (5 leiteiras e unha de carne). Na seguinte táboa podemos ver o tipo de explotación media ou tipo, de tal forma de 56 vacas, cunha base territorial de 24,4 has das cales 14,8 son en propiedade e 9,5 ha arrendadas, como datos máis salientables. As producións forraxeiras das explotacións enquisadas son de media: 4,4 ha para a pradería natural, 12,8 ha de pradería artificial e 11,3 ha de millo. As explotacións posúen de media 19 parcelas propias e 8 arrendadas. A superficie media das parcelas agrícolas é de 0,85 ha, e no caso das parcelas de monte é de 0,70 ha nas explotacións enquisadas.





Caracterización da explotación tipo leite/carne dentro da zona de estudio	
Nº total cabezas vacún por explotación	56,2
Nº vacas de leite	41,8
Nº xovencas reposición leite	23,8
Nº vacas de carne	5
Nº xovencas reposición carne	4
Superficie en propiedade (ha)	14,8
Superficie en arrendamento (ha)	9,5
Base territorial propiedade + arrendamento (ha)	24,4
Parcelas propias (nº)	19
Parcelas arrendadas (nº)	8
Superficie agrícola (ha)	11,7
Superficie monte (ha)	2,2
Nº parcelas agrícolas	16
Nº parcelas monte	4
Sup. media parcelas agrícolas (ha)	0,85
Sup. media parcelas monte (ha)	0,70

Táboa 11. Caracterización explotación tipo de Viladonga. Enquisa de saneamento gandeiro 2016.

Nas explotacións existentes as persoas que traballan son o titular ou titulares e a súa familia; válese por si mesmos para a realización da maioría do traballo da explotación. A de maior tamaño na parroquia de Viladonga ten 2 traballadores asalariados.

A continuidade dalgunha explotación non está asegurada, tanto polo relevo xeracional como polas crises de prezos no sector, pero seguindo a tendencia xa observada nos pasados anos prevese que as que segan teñan que aumentar o tamaño. Importante tamén a influencia que teñen as explotacións limítrofes en canto ao uso das terras.

Explotacións Viladonga 2023							
Titular	Localización	Tipo	Gando			UGM	Has/ Expl
			Bovino	Porcino	Ovino-Cabrún		
ES27010*****	O Campo	Leite	189	5	-	287,1	55
ES27010*****	Montebón	Leite	21	-	-	26,2	17
ES27010*****	A Cova	Leite	23	-	-	26,4	32
ES27010*****	Salcedo	-	-	-	-	-	-
ES27010*****	Salcedo	-	-	-	5	-	-
ES27010*****	A Carreira	Ovina	-	-	10	12,2	8

Táboa 12. Número de expl. e cabezas en Viladonga en 2023. Datos da Consellería de Medio Rural.





Do estudo das cifras máis recentes de gando nas explotacións que constan nos arquivos da Consellería de Medio Rural para o ano 2023 (Táboa 12), obsérvase que na actualidade existen 6 explotacións adicadas maioritariamente a gando bovino, na que a de maior peso sitúase en O Campo, localizada ao norte da parroquia, sumando un total de 351,9 UGM

Con este dato podemos adiantar que tendo en conta unha carga de 1,8 UGM por hectárea, acorde coas tendencias actuais a nivel europeo, **solo tendo en conta as explotacións actuais adicadas a orientación principal bovino carne e leite, na zona precisarían entornar as 190 hectáreas de superficie agropecuaria.**

No rexistro galego de explotacións agrarias (REAGA) figuran 10 explotacións a maiores na parroquia de Viladonga, pero ou están inactivas (sen movemento nos últimos 5 anos) ou se corresponden con explotacións de autoconsumo (principalmente ceba de porcino) polo que non se consideran relevantes aos efectos desta análise.

Da análise da enquisa das explotacións na zona conclúese que as principais demandas do sector agrogandeiro da zona son o aumento da superficie agropecuaria, que debería acadarse coa desaparición das plantacións existentes en zonas de clara vocación e aptitude agrícola como labradíos e prados ou a transformación de zonas a matogueira sen uso, abandonada e/ou infrautilizada, importante a ter en conta na elaboración de usos. Tamén se demanda a mellora dos accesos e o incremento da superficie das fincas.


No tocante á dispoñibilidade ou interese na mobilidade de terras a través de figuras como o arrendamento ou compra de máis superficie, a totalidade das explotacións enquisadas incrementaría a súa superficie agraria ben comprando ou arrendando. Prefiren fincas máis grandes aínda perdendo calidade de terreo, xa que facilita a explotación das fincas e reduce o custo de produción.

No referente ao sector forestal, con importante ocupación territorial, está ligado maioritariamente ao MVMC Rodela e Touzón (expediente 41/79 e 1/2007), pertencente aos veciños da parroquia de Viladonga, clasificado polo Xurado con data 01/12/1980 con revisións posteriores, cunha superficie actual clasificada de 271,03 has, superficie, que non obstante os datos do expediente de clasificación se detallará ou concretará durante a elaboración das bases da zona.

Parte da superficie do MVMC está en xestión pública coa Xunta de Galicia, o 15/04/1983 aprobase o convenio "Rodela e Touzón", núm. Elenco 2715588, subscrito entre o Instituto Nacional para a Conservación da Natureza e a Comunidade de Viladonga. A superficie conveniada foi de 163 ha.

O 13/10/2022 a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal aprobou o proxecto de ordenación forestal do monte "Rodela e Touzón". PO-00020671V(1.2). Núm. de rexistro: 2700463. En revisión planimétrica acometida dende o distrito forestal axusta esta superficie sobre terreo a 155,71 ha.





Imaxe 4: Plano do convenio "Rodela e Touzón"

Á marxe do MVMC, non se ten constancia de ningunha explotación forestal en rexistro público nin no rexistro de silvicultores activos. O uso forestal dos terreos está relacionada con actividades complementarias e con propietarios que maioritariamente non residen na zona, aproveitamento que non reverte no desenvolvemento do medio rural.

Os terreos de natureza forestal teñen que atender á planificación forestal establecida na lexislación forestal (Plan forestal de Galicia 2021-2040 "hacia a neutralidade carbónica", plans de ordenación de recursos forestais, instrumentos de ordenación ou xestión forestal etc).

No monte particular/familiar, o minifundismo favorece unha produtividade unitaria pouco elevada, agravado pola falta de silvicultura, planificación, capitalización e deficiente comercialización on baixa calidade e competitividade. Agárdase que o proceso reorganizador da propiedade mellore o aproveitamento forestal, fomentando a constitución de figuras de asociacionismo e xestión en común tales como sociedades civís e comunidades de bens, cooperativas, sociedades agrarias de transformación, a creación de sociedades de fomento forestal (SOFOR), para maximizar os rendementos e minimizar os custos.

2.6.3. Estrutura da produción

Na seguinte táboa observamos a distribución dos grandes grupos de terras e tipos de cultivo na provincia de Lugo para o ano 2020, pódese comprobar que o que predomina en case todos os casos son os cultivos herbáceos, esencialmente prados/pasteiros, e a superficie forestal fronte a outro tipo de usos. Mentres que, se nos fixamos nas cifras da comarca de Lugo concretamente, estas continúan sendo moi importantes, e dentro dos tipos de cultivo vemos que os forraxeiros





(millo, herba) son os predominantes xunto cas superficies forestais (Táboa 13).

Porén nos últimos anos as principais producións agrarias das zonas de reestruturación constitúenas as producións gandeiras, especialmente as explotacións de bóvidos, tanto de produción de carne como de leite. Segundo as declaracións da PAC, as explotacións existentes teñen unhas características nas que a día de hoxe as orientacións son fundamentalmente pasto e cultivos de forraxe para a alimentación gandeira. No futuro preténdese aumentar cando menos as superficies potencialmente agropecuarias e o aumento dos rendementos económicos nas producións.

Das enquisas realizadas dedúcese que a produción principal dos terreos agropecuarios, a parte do forraxe, é o millo e en menor medida o xirasol. A existencia de explotacións de ceba para autoconsumo fai que sexan necesarios outros cultivos complementarios como tubérculos, raíces ou coles.

Comarcas	Cultivos herbáceos	Cultivos leñosos	Outras terras de cultivo	Cultivos asociados e sucesivos	Prados e pasteiros	Outras superficies	Superficie forestal	Superficie total
Ancares, Os	5.912	1.433	279	203	16.575	4.701	76.297	104.996
Chantada	10.695	1.628	303	982	9.104	4.181	21.296	46.225
Fonsagrada, A	5.279	1.806	111	471	7.070	2.833	51.322	67.951
Lugo	27.020	915	1.206	2.321	24.504	11.988	72.972	136.285
Mariña Central, A	1.841	297	303	269	10.186	5.086	32.691	50.134
Mariña Occidental, A	236	360	79	5	11.080	4.004	33.681	49.435
Mariña Oriental, A	4.093	365	292	493	4.522	3.198	28.018	39.995
Meira	6.289	130	93	884	2.897	1.629	21.023	31.178
Quiroga	455	1.873	45	63	2.671	3.441	49.426	57.849
Sarria	18.622	628	369	1.908	17.941	7.903	40.064	83.619
Terra Chá	33.811	487	1.378	5.942	50.240	13.241	89.086	182.302
Terra de Lemos	8.946	1.831	482	339	16.445	7.571	59.112	94.049
Ulloa, A	8.425	539	266	990	11.003	3.204	19.340	41.787
Lugo	131.624	12.296	5.206	14.869	184.237	72.980	594.329	985.803

Táboa 13. Terras de cultivo e tipos Comarca da Terra Chá. Fonte: Anuario Estatística Agraria 2020. IGE

2.6.4. Comercialización da produción

Por un lado a produción agrícola forraxeira na súa base está destinada ao autoconsumo das explotacións gandeiras, tanto de produción de carne como de leite. A comercialización de leite realízase a través das centrais leiteiras que operan na comarca e as cárnicas (xatos de recría) a través de cooperativas e matadoiros, como o do propio Concello de Castro de Rei, Rábade ou Lugo. Xeralmente no caso do lácteos precísase incrementar a base forraxeira para mellorar as marxes comerciais, mentres que as cárnicas poden incrementar notablemente o seu valor engadido a través das marcas de calidade.

A comercialización dos produtos forestais no caso do MVMC, a parte de xestión pública faise en poxa pública atendendo ao convenio establecido coa administración forestal, e os aproveitamentos forestais están planificados no plan de ordenación e alcanzan bos prezos, sendo unha actividade rendible.

Os aproveitamentos forestais que realizan os particulares obedecen máis a criterios persoais que profesionais ou empresariais, e non obstante isto acadan tamén bos prezos, debido a que a cadea monte-industria facilita a comercialización con abundante demanda de empresas madeireiras.

A produción forestal está centrada maioritariamente no piñeiro e no eucalipto, o piñeiro con diámetro suficiente ten demanda nos serradoiros e o de menor diámetro para trituración. O





eucalipto destínase á industria de pasta.

2.6.5. Producións diferenciadas

Á hora de establecer os diferentes tipos de cultivos debe perseguirse a consecución de obxectivos de calidade mediante producións diferenciadas que compatibilicen as esixencias dunha sociedade moderna coa produción agrícola/agraria e a protección do medio ambiente, co fin de obter rendementos sostibles e economicamente viables.

Entre as liñas actuais destacan o control integrado, a produción ecolóxica ou as marcas de calidade caso das producións cárnicas pode incrementar o valor engadido dos produtos baixo as denominacións de marcas como poden ser a Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Tenreira Galega e a Tenreira ecolóxica.

Actualmente en Viladonga contamos coa IXP Terreira Galega á que están acollidas dúas explotacións de gandería de carne.

3. Aptitude dos terreos en base a criterios técnico agronómicos, económicos e sociais.

Un dos contidos mais importantes do POPEVA é o establecemento e a delimitación, no conxunto da zona de reestruturación, dos diferentes usos das terras incluídas, en base a criterios técnico-agronómicos, económicos e sociais así como a determinación das orientacións prioritarias, entendidas estas como *“os cultivos e aproveitamentos que poidan ter posibilidade real e potencial de servir de fundamento á constitución e mantemento de explotacións ou iniciativas de aproveitamento en común, técnica, social e economicamente viables na zona e a determinación da dimensión en superficie e instalacións precisas para acadar esa viabilidade de cada orientación produtiva”*, cultivos ou aproveitamentos para os que exista unha maior aptitude tecnicamente xustificada dende o punto de vista económico, técnico, social e ambiental, na totalidade ou nunha parte do perímetro, que sexan considerados como preferentes e aqueles outros que, sen presentar as anteriores características, non impliquen danos de carácter social e ambiental, que serán considerados secundarios.

3.1. Descrición da Metodoloxía aplicada.

De cara a determinar a aptitude técnico-agronómica, económica e social tómase como referencia a metodoloxía proposta na elaboración dos catálogos.


A continuación unha breve descrición da metodoloxía aplicada.

- Estudo previo da zona de actuación.
 - Análise dos datos da zona (físicos, ambientais, patrimoniais, sociais)
 - Determinación das principais orientacións produtivas, isto é:
 - ¿Que tipo de producións agrarias existen na zona?
 - ¿A que se adican as explotacións agrarias da zona?
 - ¿Que clase de terreos precisan estas explotacións?
 - ¿Que cultivos concretos , pasto, millo, horta, frutais, viña?
- Factores que condicionan a aptitude dun terreo como forestal ou agropecuario
 - Elección dos factores principais (pendentes, orientacións, capacidade produtiva, risco





- de erosión, cobertura histórica e actual, proximidade núcleos, explotacións, vías, etc.)
- Establecemento dos pesos e intervalos dos factores na determinación da aptitude forestal ou agropecuaria
 - Xeración de mapas de aptitude en catro categorías (baixa, media-baixa, media alta e alta) para a aptitude agropecuaria ou forestal
 - Necesidades de terreo para as orientacións agrícola e forestal
 - Plano final dos usos, diferenciando agrícola e forestal.



Gráfica 4: Metodoloxía aplicada

3.2. Determinación das principais orientacións produtivas

As principais orientacións produtivas na zona de reestruturación parcelaria de Viladonga son a agrogandeira centrada maiormente no bovino lácteo e en menor medida no bovino cárnico, os cultivos principais destinados a produción de forraxe son os prados e o millo. Cultivos que precisan de características de solo similares e que mesmo entran nas rotacións anuais.

Por outra parte a forestal, principalmente produtor, relacionada en gran medida co MVMC (parte en xestión pública) e complementado por repoboacións de particulares en moitos casos non residentes na zona, terreos que en parte poden recuperar o uso agropecuario favorecendo a fixación de poboación rural. O MVMC conta cun plan de ordenación forestal, polo que non se precisa abordar neste plan.

3.3. Definición dos usos no terreo

Atendendo aos requirimentos das explotacións, diferéncianse para a zona de reestruturación parcelaria de Viladonga:

- Uso agropecuario, principalmente pastos, cultivos herbáceos e forraxeiros adicados a





alimentación do gando, complementados en moita menor medida con cultivos de horta para autoconsumo. Estes terreos non deben ser forestados.

- Uso forestal, superficies destinadas á produción forestal, tanto frondosas caducifolias e perennifolias como piñeiros e eucaliptos, debendo limitarse as superficies a matogueira salvo por requirimentos ambientais.

3.4. Requirimentos dos solo para as principais orientacións

Na actualidade a aptitude da terra para o uso agrario depende cada vez menos dos factores edafolóxicos. A mellora xenética e a capacidade de emendar as condicións naturais dos solos, entre outros, fan que os factores máis restritivos para a implantación dun cultivo ou aproveitamento (uso) sexan hoxe en día máis de carácter social, económico ou medio ambiental.

A pesar do anterior, neste apartado, entre os requirimentos inicialmente identificados para unha caracterización óptima dos usos, seleccionáronse aqueles cuxa avaliación era posible coa información dispoñible, engadindo tamén os factores socioeconómicos e estruturais.

3.5. Factores analizados

Para a selección dos factores tívose en conta a consistencia, resolución e escala das fontes de datos dispoñibles para a súa caracterización, así como o grao de correlación existente entre eles co fin de facelo sinxelo e comprensible. Non se teñen en conta algúns factores que na análise doutras zonas ou a outras escalas puideran ter interese pero non en Viladonga ca superficie e características xa descritas.

Nos factores analizados xa se tivo en conta a nivel estadístico a análise de correlación dos factores (Spearman), non tendo en conta outros factores relacionados cos aquí analizados

- Factores agronómicos
 - Pendente
 - Orientación
 - Capacidade produtiva
- Factores relacionados co uso ou cobertura do solo
 - Cobertura histórica do solo
 - Cobertura actual do solo
- Factores vinculados a riscos ambientais
 - Proximidade a zonas con risco de erosión
- Factores socioeconómicos e estruturais
 - Proximidade a vías de comunicación
 - Proximidade a asentamentos de poboación
 - Proximidade a explotacións

3.6. Factores orográficos e agronómicos. Análise dos factores para a ZRP Viladonga

3.6.1. Pendente

A zona de Viladonga caracterízase pola presenza de pendentes medias-baixas correspondentes a valores que oscilan entre o 0% e o 20%, o que favorece o desenvolvemento das labores agrogandeiras. Na imaxe 5 observamos que as maiores ratios de pendente aparecen no NE do






límite parroquial co Concello de Pol (Monte de Andraide). Por outro lado, tamén existe un pequeno cerro preto do Alto da Cova en Montebón.

Para a elaboración deste factor emprégase como base o modelo dixital do terreo 2ª cobertura (2015-Actualidade) con paso de malla de 2 metros (MDT02) facilitado polo Instituto Xeográfico Nacional (IGN) a través do centro de descargas do Centro Nacional de Información Xeográfica (CNIG) en formato ASCII.

O factor xérase empregando o xeoproceso "Pendente" do grupo de ferramentas de Spatial Analyst de ArcGIS, que permite xerar un mapa de pendentes onde a inclinación se calcula como elevación en porcentaxe.

PENDENTE	SUPERFICIE (ha)	%
<10%	337	58,71
10-20%	183	31,88
>20%	54	9,4

Táboa 14. Distribución de pendentes.



Imaxe 5. Mapa de pendentes da ZRP de Viladonga.






3.6.2. Orientacións

A orientación predominante no perímetro da zona de reestruturación é a de umbría, cun 64.45 % de representatividade. As zonas de Umbría caracterízanse pola existencia duns niveis de humidade máis elevados (poden ser axeitados para as frondosas).

As zonas de solaina, ao ser máis cálidas e luminosas, resultan especialmente favorables para cultivos con requirimentos de luz e sen necesidades de humidade especialmente altas (no noso caso os cultivos ligados ao uso agrogandeiro, aínda que tamén o forestal produtor)

Para a elaboración deste factor emprégase como base o modelo dixital do terreo 2ª cobertura (2015-Actualidade) con paso de malla de 2 metros (MDT02) facilitado polo Instituto Xeográfico Nacional (IXN) a través do centro de descargas do Centro Nacional de Información Xeográfica (CNIG) en formato ASCII.

O factor xérase empregando o xeoproceso "*Orientación*" do grupo de ferramentas de Spatial Analyst de ArcGis. Este proceso identifica a dirección da pendente descendente da taxa de cambio máximo nun valor dende cada cela cara a súa lindeira.



Imaxe 6. Mapa de orientación da ZRP de Viladonga.





ORIENTACIÓN	SUPERFICIE (HA)	%
Solaina	205,34	35,55
Umbría	372,23	64,45

Táboa 15. Distribución de orientacións.

3.6.3. Capacidade produtiva

Este factor corresponde ao mapa dixital de capacidade produtiva dos solos de Galicia, publicado orixinalmente en papel no ano 1984 baixo a dirección de Francisco Díaz-Fierros Viqueira e Fernando Gil Sotres e dixitalizado por Corbelle Rico, E., Vila García, D. e Crecente Maseda, R., (Laboratorio do Territorio da USC) en 2014. Para a valoración deste factor emprégase o campo "Solo", que describe a clase de terra en función da pendente, afloramentos rochosos, profundidade e risco de erosión.


O Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia (Díaz-Fierros Viqueira e Gil Sotres, 1984) describe varias clases de solo en función da súa aptitude para a mecanización, enraizamento e risco de erosión. A área da zona concentración caracterízase pola presenza de tres clases de solo en base á súa capacidade produtiva:

- Clase A. Solos que permiten todo tipo de mecanización e con profundidade suficiente para calquera tipo de vexetación, admiten rega superficial sen limitacións e sen ningún risco ou con risco lixeiro de erosión.
- Clase B. Solos sen limitacións para a mecanización, con moderadas limitacións por profundidade para os cultivos de enraizamento profundo, rega superficial con poucas limitacións e risco de erosión de nulo a moderado.
- Clase C. Solos sen limitacións para a mecanización pero con limitacións para a rega superficial por gravidade e para cultivos de enraizamento profundo, ou ben solos con limitacións para a maquinaria pesada pola existencia de afloramentos e con lixeiros problemas en canto a profundidade e/ou posibilidades de rega superficial por gravidade. Riscos de erosión de nulos a moderados.
- Clase D. Solos nos que se pode empregar maquinaria pesada pero con risco de erosión graves. Solos nos que está impedida a utilización de maquinaria pesada na maior parte dos casos pola existencia de afloramentos rochosos e/ou por exceso de pendente. En xeral con profundidades intermedias que limitan o crecemento de plantas de enraizamento profundo. Risco de erosión moderado.

Tipo de solo	Superficie (has)	%	Ap_Millo	AP_Prado	Ap_Pinaster
B	505	87,5	A3d	A1	A2d
C	69	11,96	A3t	A1	A2d
D	4	0,69	N2	A2i	A3d

Táboa 16. Capacidade produtiva dos solos Viladonga.





Imaxe 7. Mapa de capacidade produtiva do solo zona concentración de Viladonga.

Na área de estudo identifícanse tres clases de solo, coa seguinte descrición:

A clase de solo predominante na parroquia, cun 87.5 % da superficie total dentro da zona de reestruturación parcelaria, é a tipo B, caracterizada porque non presenta limitacións para a mecanización; trátase de terreos con baixo risco de erosión e cunha profundidade suficiente para ocuparse por calquera tipo de uso ou práctica ou aproveitamento agrícola.

As categorías C e D xa representan terreos con peor calidade, pero ocupan pouca extensión en relación coa superficie total da parroquia (Táboa 16).

3.6.4. Cobertura histórica do solo

Para a xeración da cartografía correspondente á cobertura histórica do solo empréganse as fotografías aéreas do voo dos anos 1956/57 (americano serie B). O proceso consiste na foto interpretación e clasificación da superficie en seis categorías, co seguinte tamaño mínimo de unidade cartografiable:

- FT - Forestal
- CU – Agropecuaria.





- IM – Improdutivo (edificacións, estradas, etc)

Para identificar o uso tradicional dos terreos, realizouse unha fotointerpretación da ortoimaxe aérea do ano 1956, da que se extraen as superficies da Táboa 17. A categoría predominante no uso histórico é a de cultivos (SAU), que comprende o 70.83 % da superficie total da ZRP. Isto indica o importante peso que tiña a actividade agraria e os usos tradicionais no campo, como noutras rexións da comunidade.

Usos 1956-1957	Superficie (has)	%
SAU	408,68	70,83
Forestal	140,54	24,36
Improdutivo	28,38	4,90

Táboa 17. Usos do solo históricos. PNOA voo americano.

3.6.5. Cobertura actual do solo

Para a identificación dos usos agroforestais actuais tómake como base os usos identificados a nivel de parcela mediante traballo de campo e a fotointerpretación da imaxe do PNOA 2020 a nivel de recinto SixPac 2021.

Na elaboración desta cartografía clasifícase a superficie obxecto de estudo en 3 categorías:

- FT - Forestal

- CU - Agropecuaria

- IM – Improdutivo (edificacións, estradas, etc)

Para a identificación dos usos agroforestais actuais tomáronse como base os usos identificados a nivel parcela mediante traballo de campo. O uso actual predominante no perímetro obxecto de reestruturación son as zonas forestais, o que amosa un cambio na tendencia da mesma, que comprenden o 70.41% % da superficie total, motivado en parte pola superficie do MVMC e acaso tamén polo abandono e falta de relevo xeracional da actividade agraria e o abandono do rural na procura de mellores oportunidades, buscando aproveitamentos que requiran dunha menor presenza e actividade na zona, problemática común en gran parte do rural galego.

Usos 2023	Superficie (has)	%
Agropecuaria	133,72	23,18
Forestal	406,33	70,41
Improdutivo	37,50	6,5

Táboa 18. Usos do solo actuais en Viladonga. PNOA 2023.

Neste apartado destacamos como xa adiantamos con anterioridade, que coincide en gran parte coa clasificación de terras feita en colaboración co grupo auxiliar de traballo, e que determinará en gran medida a reorganización da propiedade e os aproveitamentos a establecer no proceso reestruturador da propiedade; de aí que no apartado correspondente se lle deba dar un peso importante en relación a outros factores.

A mesma lei de recuperación de terra agraria de Galicia, no seu artigo 26.c) establece que o uso actual recollido no mapa de usos agroforestais será tido en conta.





3.6.6. Proximidade a zonas con risco de erosión

Na elaboración deste factor emprégase como cartografía base o *Inventario Nacional de Erosión de Solos* realizado a escala 1:50.000. O inventario ten como obxectivo detectar, cuantificar e reflectir cartográficamente os principais procesos de erosión e determinar a súa evolución no tempo mediante o inventario continuo.

Dos cinco tipos de erosión que se detallan no inventario, emprégase a cartografía correspondente a movementos en masa. Os movementos en masa son mecanismos de erosión, transporte e deposición que se producen pola inestabilidade gravitacional do terreo.

A súa relación con outros mecanismos de erosión é moi intensa, especialmente nas áreas de montaña, onde xunto coa hidrodinámica torrencial configuran o principal proceso erosivo das ladeiras.


A información sobre a erosión clasifícase en graos ou niveis de potencialidade do territorio para que sucedan movemento en masa:

- Nula ou moi baixa
- Baixa ou moderada
- Media
- Alta
- Moi alta

O *Inventario Nacional de Erosión de Solos* ten como obxectivo detectar, cuantificar e reflectir cartográficamente os principais procesos de erosión, así como determinar a súa evolución no tempo mediante o inventario continuo. Dos cinco tipos de erosión que se detallan no inventario, empregouse o movemento de masas para determinar o grao de erosión existente na parroquia de Viladonga.

Dentro dos cinco niveis de potencialidade do territorio para que sucedan movementos en masa, na área de estudo atópanse catro niveis: baixa, media, alta e moi alta (Táboa 19). O inventario nacional identifica a clasificada como "baixa" dentro da ZRP que se pode corresponder con masas de auga. Case a práctica totalidade do territorio caracterízase pola presenza dun grao de erosión medio-alto, o que implica que existen perdas de materia orgánica e nutrimento provocando un descenso da capacidade de retención de auga do solo.





Imaxe 8. Mapa risco de erosión en Viladonga.

Risco Potencial Erosión Solos (Viladonga)		
TIPO	Superficie (HAS)	%
Baixa	25,95	4,5
Media	231	40
Alta	301,30	52,17
Moi alta	18,37	3,18
TOTAL	577,57	100

Táboa 19. Distribución da superficie en función do nivel de erosión.






3.6.7. Proximidade a vías de comunicación

A cartografía base empregada corresponde á capa da rede viaria dispoñible no visor de evolución da ocupación do solo e da paisaxe da información xeográfica de Galicia. Unha vez identificadas as vías que afectan a área de estudo, calcúlase a súa área de influencia.

Na actualidade o concello non conta cun inventario de camiños actualizado e detallado. As vías de comunicación existentes dentro do perímetro da zona de Viladonga conforman unha rede viaria total de 37.35 km e, entre elas, atópase unha estrada nacional pertencente á rede estatal (N-640) e unha serie de camiños municipais de distintas características.



Imaxe 9. Mapa proximidade vías de comunicación ZRP Viladonga.





Na análise da proximidade ás vías de comunicación considérase que os terreos situados a menos de 50 metros das vías, dispoñen dunha mellor accesibilidade. Non se ten en conta a estrada Nacional por restrinxir os accesos a fincas.

Proximidade a vías	Superficie (has)	%
<50m	267	46,11
>50m	312	53,89

Tipo de vía	Lonxitude (km)
Vegadeo-Vilagarcía (N-640)	3,48
Camiños	18,67
Pistas	3,43
Sendas	11,77
TOTAL	37,35

Táboa 20. Rede viaria de Viladonga. IET 2021.


3.6.8. Proximidade a asentamentos de poboación

Para o cálculo de distancias a asentamentos de poboación considéranse tanto os núcleos de poboación localizados na área de estudo como os asentamentos limítrofes coa zona de reestruturación. Neste caso, utilizouse a cartografía dispoñible de núcleos de poboación do PXOM descargada do SIOTUGA.

Nas proximidades dos núcleos concéntranse a agricultura de autoconsumo o mesmo tempo reside a poboación polo que se diminúe a redución de desprazamentos de persoas e maquinaria. O uso agropecuario no entorno dos núcleos de poboación, favorece o aproveitamento das terras, a súa posta en produción, e evita a infrautilización e o abandono, mesmo reactiva a vida do núcleo na mesma liña que perseguen outros programas da consellería agraria como as aldeas modelo.

Pola contra nas proximidades dos núcleos de poboación evítase a aparición e proliferación de terreos forestais, en consonancia coa liña seguida pola normativa en materia de xestión de biomasa e prevención de lumes, diminuindo os riscos e probabilidades de inicio de lumes co conseguinte perigo para persoas e bens, así como outros efectos prexudiciais para inmoables e persoas, como o risco de caída de árbores. Tamén se ten en conta o perigo de derribo e o efecto sombra para cultivos e edificacións, evitando tamén deformacións na paisaxe.





Imaxe 10. Mapa de proximidade a asentamentos de poboación ZRP Viladonga.

Proximidade a asentamentos	Superficie (has)	%
<100 m	80,66	13,97
100-500 m	242,39	41,97
>500 m	241,72	41,85

Táboa 21. Distribución da superficie en función da proximidade de asentamentos de poboación.

3.6.9. Proximidade a explotacións


Na xeración deste factor emprégase como base cartográfica as delimitacións a nivel polígono das rexións de solo de núcleo rural do Concello de Viladonga, recollidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Unha vez delimitados os núcleos de poboación que afectan á área de estudo, procédese á análise da proximidade aos mesmos mediante o xeoproceso "*Distancia euclidiana*" do grupo de ferramentas de Spatial Analyst de ArcGis. Este proceso calcula a distancia de cada cela ata o elemento máis próximo dunha capa de información, neste caso, dos núcleos de poboación.





A partir dos datos da Consellería de Medio Rural localizáronse un total de 6 explotacións dentro da zona de reestruturación parcelaria, que deben ser tidas en conta na análise das necesidades de cultivo dos terreos adxacentes a estas explotacións. Destas, cinco correspóndese a explotacións de gando principalmente bovino e ovino-cabrún, e unha explotación agrícola.



Imaxe 11. Mapa de proximidade a explotacións ZRP Viladonga.

Proximidade a explotacións	Superficie (has)	%
0-500 m	232,25	40,24
500-1000 m	187,55	32,49
>1000 m	157,35	27,27
TOTAL	577,13	100

Táboa 22. Distribución da superficie en función da proximidade a explotacións.

A cartografía base empregada consiste nun mapa creado a partir dos datos facilitados polo Servizo de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural do REAGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia) e do REGA (Rexistro de Explotacións Gandeiras), no que se localizan as explotacións en activo existentes dentro do perímetro en estudo. A partir dos datos facilitados xeolocalízanse as explotacións empregando as coordenadas X e Y do REAGA, creando así a cartografía base no estudo do factor proximidade a explotación.





Identificadas e localizadas as explotacións que afectan á área de estudo, procédese á análise da proximidade aos mesmos mediante o xeoproceso “*Distancia euclidiana*” do grupo de ferramentas de Spatial Analyst de ArcGis. Este proceso calcula a distancia de cada cela ata o elemento máis próximo.

3.7. Cálculo do peso dos factores

Para os factores que analizamos de cara á aptitude, neste caso como terreo agropecuario ou forestal, tendo en conta os requirimentos técnicos e a relevancia asígnase un peso expresado en % sobre o resto.

Noutra das columnas, en función dos rangos contemplados para este factor, asígnase un valor para cada rango contemplado en función da idoneidade para o uso, agropecuario ou forestal. Para a asignación do % de peso dos factores e do valor de idoneidade para cada rango tómanse como referencia os criterios técnicos máis comunmente aceptados tendo en conta as particularidades da zona.

O multiplicación do peso do factor polo valor dado a cada rango daranos os datos de partida para as ferramentas Argis, directamente relacionado ca idoneidade do terreo para agropecuario ou forestal.

3.7.1. Cálculo do peso dos factores para o uso agropecuario

A modo de exemplo, para o factor da pendente asígnase un peso do 10% sobre o resto dos factores e dentro da pendente un valor de 100 para as pendentes inferiores ao 10%, de 50 para as pendentes entre o 10 e o 20% e pola contra de 0 puntos para as pendentes superiores ó 20%.

Entendendo que na zona de Viladonga, para terreos agropecuarios destinados fundamentalmente como xa vimos a cultivos forraxeiros e pradeiras renovables, polo tipo de pendentes este factor acada unha importancia do 10 % sobre o resto dos factores e xa dentro deste factor, se os terreos teñen unha pendente inferior ao 10% son moi bos (100 puntos) si están entre o 10 e 20% medios (50 puntos) e pola contra con pendentes superiores ó 20% presentan limitacións para eses usos na zona (aínda que poderían adicarse a pastoreo sen laboreo, en todo caso con limitacións).





%	Variable	Rango	Peso
10	PENDENTE	< 10%	100
		10-20%	50
		>20 %	25
5	ORIENTACION	Solana	100
		Umbria	50
20	CAPACIDADE PRODUCTIVA	B	100
		C	50
		D	0
10	COBERTURA HISTÓRICA	IM	0
		AGROPECUARIO	100
		FORESTAL	25
20	COBERTURA ACTUAL	IM	0
		AGROPECUARIO	100
		FORESTAL	25
5	PROXIMIDADE AS ZONAS DE RISCO DE EROSIÓN	Baixo	100
		Medio	100
		Alto	50
		Moi Alto	25
10	PROX. VIAS	<50m	100
		>50m	50
10	PROX. ASENTAMENTOS	<100 m	100
		100-500 m	75
		>500 m	50
10	PROX. PROX. EXPLOTACIONES	<500m	100
		500-100m	50
		500-1000m	25

Táboa 23. Valores ponderados agropecuarios no Weight Overlay.

Estes valores atenden ás características da zona de Viladonga; seguindo co mesmo exemplo, nunha zona cha, sen pendentes, poderíase considerar que este factor non é relevante (se todos os valores son similares non diferencian aptitudes); pola contra noutra zona con fortes pendentes poderíase considerar que este factor é moi relevante (os terreos con menos pendente serán determinantes).

Táboa 23. Valores ponderados agropecuario introducido no Weight Overlay.

En resumo, entendese que os solos adicados a labradíos e prados e zonas de monte con posibilidades de mecanización, pero con risco de erosión moderado por pendente $\leq 10\%$, con profundidades intermedias o moderadas, con bo drenaxe das augas pluviais e en terreos saneados e non encharcadizos, que presenten orientación suroeste ou sureste son os máis óptimos para o establecemento de terreos agropecuarios. Tense como obxectivo e así se reflicten nos mapas obtidos.

3.7.2. Calculo do peso dos factores para usos forestais

Temos en conta os mesmos factores xa analizados, varíanse as porcentaxes (%) en relación ao uso agropecuario. Aumenta o peso da cobertura histórica (xa que o feito de que se antigamente, cando a práctica totalidade dos terreos susceptibles de ser aproveitados agrícolamente, e polo tanto a superficie forestada era menor que na actualidade e case residual, eses terreos se atopaban forestados é un claro indicador de idoneidade) ou o da proximidade a zonas con risco de





erosión (sendo o uso forestal un corrector de erosión). Diminúe o % para o factor de capacidade produtiva xa que o uso forestal é menos esixente e require unha mecanización menos continua.

Tamén se varía o peso na idoneidade para cada rango, así por exemplo dáse prioridade ó uso forestal en pendentes superiores ao 20%, ou pola contra límtase nas proximidades a asentamentos de poboación e explotacións, limitacións acordes cas liñas legislativas actuais.

%	Variable	Rango	Peso
10	PENDENTE	< 10 %	50
		10-20%	75
		>20 %	100
10	ORIENTACION	Solana	100
		Umbria	50
5	CAPACIDADE PRODUTIVA	B	50
		C	75
		D	100
15	COBERTURA HISTÓRICA	IM	0
		AGOPECUARIO	25
		FORESTAL	100
20	COBERTURA ACTUAL	IM	0
		AGROPECUARIO	25
		FORESTAL	100
10	PROXIMIDADE AS ZONAS DE RISCO DE EROSIÓN	Baixo	50
		Medio	50
		Alto	75
		Moi Alto	100
10	PROX. VIAS	<50m	0
		>50m	50
10	PROX. ASENTAMENTOS	<100 m	0
		100-500 m	50
		>500 m	100
10	PROX. PROX. EXPLOTACIONES	<500m	0
		500-100m	50
		500-1000m	100

Táboa 24. Valores ponderados forestais no Weight Overlay.

4. Mapa de aptitude

Ao longo dos apartados anteriores identificáronse os factores físicos estruturais, socioeconómicos, ambientais e outros que poderían condicionar a aptitude de cada uso. Posteriormente, realizouse unha análise da situación actual detectando as posibles orientacións prioritarias e finalmente fixéronse os factores asignando valores numéricos e criterios para identificar aqueles terreos con máis aptitude para os distintos usos ou aproveitamentos.


A continuación, abórdase neste apartado a elaboración do mapa de aptitude para usos agropecuarios e para usos forestais. Ao final deste apartado, tendo en conta os mencionados factores xunto coas necesidades de superficie para as orientacións principais e os condicionantes





legais e ambientais, elabórase o mapa de ordenación para os usos agroforestais, diferenciando usos agropecuarios e forestais no mesmo mapa, para a zona de reestruturación parcelaria de Viladonga.

4.1. Mapa aptitude uso agropecuario




Imaxe 12. Mapa de aptitude uso agropecuario.

Atendendo ó mencionado procedemento establécense catro niveis de aptitude: baixa, media-baixa, media-alta, alta.





4.2. Mapa aptitude uso forestal



Imaxe 13. Mapa de aptitude uso forestal.

Como no caso anterior establecemos ós mesmos niveis de aptitude.





5. Mapa de ordenación usos agroforestais.

De cara a elaboración do mapa de ordenación de usos agroforestais, diferenciando os usos agropecuarios dos forestais, teranse en conta:

- Principalmente o resultado dos mapas de aptitude agropecuaria e forestal, seleccionando as zonas con mellor aptitude para cada tipo de terreo.
- As necesidades de terreo para cada orientación, xa analizados en apartados anteriores. En resumo, partindo da carga gandeira da orientación principal vacún carne e leite serían precisas entorno ás 190 ha de superficie agrogandeira.
- Crear zonas ordenadas evitando que os usos interfiran negativamente.
- As limitacións legais impostas pola normativa sectorial, como as prohibicións de especies forestais en determinados ámbitos cara a protección das persoas e bens (distancias a núcleos e edificacións residencias, distancias a infraestruturas viarias, instalacións eléctricas etc) reguladas na normativa forestal e en materia de prevención de lumes, ou as distancias a elementos que formen parte do patrimonio cultural para evitar o seu menoscabo ou que vaian en detrimento do seu desfrute por todas as persoas interesadas.
- As indicacións do informe de impacto ambiental (*resolución do 13 de febreiro da dirección xeral de calidade ambiental e cambio climático pola que se formula o informe de impacto ambiental do proxecto da zona de reestruturación parcelaria de Viladonga (Castro de Rei) Lugo (clave 2018/0012)*) (DOG núm. 70 10/04/2019) de especial relevancia para este POPEVA:
 - Restrinxir a eliminación da vexetación arbórea autóctona (especialmente as masas de frondosas consolidadas trátanse como terreo forestal). Así como a afección ós hábitats prioritarios
 - Integración da paisaxe, evitando drásticas modificacións de usos.
 - A limitación dos usos forestais xustificada na protección do patrimonio cultural.

Posteriormente, na redacción e aprobación do acordo de reestruturación parcelaria para a ZRP de Viladonga será preciso axustar os límites das zonas agropecuarias e forestais aos límites dos predios de substitución–configurados no acordo, evitando que un mesmo predio (a veces de escasa superficie) estea condicionado por usos diferentes.


Este mapa incluírá a delimitación espacial dos terreos agropecuarios e forestais e a identificación, de selo caso dos solos de alta produtividade agropecuaria e forestal.

A táboa resumo obtida é a que segue.

USO	SUPERFICIE (ha)	% TOTAL
AGROPECUARIO	191	35,97
FORESTAL	340	64,03
TOTAL (Sen SNR)	531	100

Táboa 25. Superficies adicadas a cada tipo de uso (sen SNR)





Imaxe 14: Mapa ordenación Agrario

6. Instrumentos de ordenación urbanística.

Este concello conta con Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) aprobado definitivamente con data 10 de xullo de 2020 (DOG 24/07/2020). Estamos polo tanto ante un planeamento non adaptado á actual Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Como PXOM posterior á lei do solo actualmente vixente, aínda que non adaptado a ela, delimitou





o solo rústico do concello e ademais do solo rústico de protección ordinaria, estableceu zonas como solo rústico de especial protección agropecuaria.

Sen embargo, no referente ao solo rústico debemos ter presente a modificación da Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, introducida pola Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, pola que conforme se aclara na propia exposición de motivos non se manteñen vixentes as categorías de solo rústico contidas nos planeamentos adaptados a LOUGA pero non a lei do solo actual, como é o caso de Castro de Rei.

Neste caso, para atender se un solo rústico merece ser considerado de especial protección, hai que estar ao disposto na propia Lei 2/2016, que en particular no seu artigo 34 apartado 2º establece:

a) Solo rústico de especial protección agropecuaria, constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

Adicionalmente, o artigo 49 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, matiza que o *"solo rústico de protección agropecuaria, constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración ou reestruturación parcelaria con resolución firme (...)" "Non se entenderán incluídos os terreos que formen parte de procesos de concentración ou reestruturación parcelaria que teñan natureza forestal"*.

Malia isto, a administración municipal á hora de clasificar o solo do municipio, determinou para zonas concretas a condición de especial protección agropecuaria, polo que entendemos que esta clasificación non debe ser descoñecida pola consellería agraria á hora da elaboración deste plan, motivo polo cal se fará unha comparativa entre ambos instrumentos.

A importancia na ordenación dos usos do solo levou a que normativa vixente en materia de reestruturación parcelaria (Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria) fose modificada para introducir os seguintes preceptos intimamente relacionados coa materia urbanística:

Artigo 38: Firmeza do acordo de reestruturación parcelaria e toma de posesión definitiva (...)

A declaración de firmeza do acordo (...) determinará por si soa a consideración de solo rústico afectado como de especial produtividade agrícola ou forestal, segundo o caso, aos efectos do disposto no artigo 34.2 a) e b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e, en consecuencia, a súa categorización directa como solo rústico de protección agropecuaria ou forestal, segundo corresponda, sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do planeamento urbanístico.

A lei outórgalle ao plan unha natureza de instrumento de ordenación con carácter vinculante para a administración municipal que o debe incorporar automaticamente ao PXOM. Neste punto, a normativa concentradora anterior a METAGA hoxe derogada, regulaba o plan de aproveitamento de cultivos e/ou forestal de xeito semellante en contido pero non tanto en efectos, dado que a vixencia do POPEVA, érao unicamente en tanto os concellos non regulasen sobre os usos das terras no PXOM.

A METAGA, sen embargo, entende que o esforzo levado a cabo pola Consellería de Medio Rural á hora de reorganizar a propiedade, agrupando propiedade dispersa, incrementando a superficie das fincas, mellorando os seus acesos, acometendo melloras no aproveitamento dos predios a






través do seu acondicionamento (nivelacións, roturacións etc), debe redundar ademais no feito de que as terras non queden abandonadas ou se vexan infrautilizadas, senón que os seus aproveitamentos, se axusten a un programa que redunde de xeito directo na súa incorporación como base territorial das explotacións existentes ou na creación de novas explotacións, desbotando outros usos, e en definitiva, existe un interese superior ao meramente individual de cada propietario de obter o maior rendimento económico das terras da súa propiedade.

Neste punto, non se debe esquecer non obstante, que o territorio é algo vivo, e os usos e o interese público vai mudando, de xeito que non se pode esquecer que é unha normativa en continuo cambio, e o Plan é un documento con vocación de estabilidade pero suxeito a cambios xustificadas.

Recóllese neste apartado a modo de comparativa por similitude as categorías propostas no PXOM e o resultado das propostas no POPEVA. Como pode verse no plano os resultados son moi semellantes.



Imaxe: 15 Comparativa dos resultados do PXOM cos do POPEVA





7. Orientacións prioritarias propostas

As dúas orientacións prioritarias que distinguimos aon a agropecuaria e a forestal, non se detallan os cultivos concretos dentro de cada apartado por considerar que ou non requiren aptitudes de solo diferenciais no caso agropecuario ou xa están recollidas nos plans de ordenación forestal.

Inicialmente non se distinguen áreas de ordenación preferente considerando toda o terro sen aptitude específica.

7.1. Uso agropecuario

Uso agropecuario: Caracterizado por aproveitamentos agropecuarios vinculados ás explotacións da zona, uso estritamente agropecuario con cultivos como forraxe, pastos para gando pero tamén millo ou outro tipo de cultivos agrícolas.

Nas zonas delimitadas como de uso agrario, non cabe un uso forestal produtor:-

Enténdese por uso agropecuario, aquel relativo a cultivo agrícola, prados, pradeiras, pastos ou semellantes.

O aproveitamento axeitado dos recursos nos terreos delimitados para este uso, é o estritamente agrario, no que cando menos se dea unha agricultura de conservación. Con carácter xeral permítense todo tipo de aproveitamentos agrarios – cultivos agrícolas – sometidos aos condicionantes que esixan as normativas sectoriais de aplicación.

A implantación deste uso naqueles terreos con aproveitamentos incompatibles coa nova determinación axustarase á normativa sectorial de aplicación vixente, de xeito que de ser necesario acometer un aproveitamento forestal previo, requirirase comunicación ou autorización do órgano responsable en materia forestal consonte a normativa vixente en materia forestal – actualmente Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e Decreto 73/2020, de 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia.

As persoas que acheguen terreos cuxos usos sexan contrarios ao plan aprobado coas bases, poderán manter o uso forestal cando menos ata a data da toma de posesión dos predios de substitución, momento no que contando cos permisos e autorizacións preceptivos realizarán as actuacións precisas para a implementación do uso previsto no POPEVA.

Prohíbese por tanto a forestación das terras con calquera tipo de especies e o seu abandono.

7.2. Uso forestal

Con carácter xeral, aos efectos deste plan enténdese por uso forestal a implantación de aproveitamentos forestais sexan plantacións conservadas ou produtoras.

Dentro deste uso atópanse aqueles terreos que conteñen masas de frondosas caducifolias, que de acordo coa normativa sectorial se considera preciso conservar e aqueles outros terreos para os que se ben resulta posible un uso estritamente agropecuario, se prevé a posibilidade da súa forestación, neste punto con estrito respecto da normativa de aplicación, actualmente Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e Lei 11/2021, de recuperación da terra agraria de Galicia.





Neste terreos delimitados con uso forestal con frondosas, non se permite a forestación con ningún outro tipo de especies arbóreas.

Nos terreos de uso forestal con especies forestais, froito de plantacións legais (a plantación axustouse á normativa vixente) poderán manter ou implantar o uso forestal, de acordo co que estableza a normativa de aplicación, con especial atención ás restricións impostas a determinadas especies –ex. eucalipto, acacias, etc.– que está proscriba pola lexislación agroforestal.

A implantación deste uso debe ter en conta as concretas fases do procedemento reorganizador da propiedade, de xeito que non é ata a aprobación do acordo primeiro e a toma de posesión despois que os adxudicatarios se converten en titulares e posuidores dos novos predios, de aí que os investimentos que a forestación supón conducen a que non se implanten tales usos ata que se atopen aprobados acordo e toma de posesión provisional.

Polo tanto, non se permitiría a forestación con especies prohibidas de acordo coa normativa forestal e o abandono das terras.

Os aproveitamentos concretos dentro de cada zona así delimitada, e polo tanto as orientacións prioritarias produtivas dentro de cada uso, deben acomodarse a el.

7.3. Necesidades mínimas de terreo par aos distintos usos

No artigo 21 apartado 2-a) da METAGA recolle a necesidade determinar no plan a superficie mínima que precisan as explotacións que opten pola incorporación voluntaria ó plan " *O conxunto de terreos achegados debe ser suficiente para acadar o tamaño mínimo determinado no plan para a orientación prioritaria proposta.*"

Polo tanto, procede establecer neste apartado o tamaño mínimo para as orientacións prioritarias propostas, a agrogandeira orientado a bovino de leite ou carne e a forestal.

No que atinxe ao tamaño mínimo dos terreos precisos para unha explotación viable de bobino de leite ou carne resulta moi variable dependendo da estrutura produtiva, axudas coas que conta, etc, pero en xeral tendo en conta as explotacións da zona estímase que canto menos debера contar con 15 ha.

No que atinxe a unha explotación forestal da terra de xeito profesional nos termos previstos na normativa forestal, nas que sexa posible unha xestión ordenada, podemos indicar unha superficie mínima de 25 ha, superficie que se pode acadar cos mecanismos de asociacionismo (SOFOR, CB, SAT, etc) xa indicados con anterioridade.

8. Iniciativas singulares

En principio, do resultado tanto das xuntanzas mantidas cos participantes no procedemento para informar sobre o procedemento de reestruturación parcelaria como nas fases relativas á investigación da propiedade e á clasificación de terras, na data de redacción deste documento non se teñen presentado proxectos de iniciativas de aproveitamentos **singulares** de terreos nos termos regulados na METAGA, polo que dado que se descoñece o aproveitamento concreto non cabe determinar neste momento unha proposta de unidade mínima de terreo precisa para a súa viabilidade. En todo caso indicárase no informe técnico económico que neste caso están obrigados a presentar os promotores deste tipo de iniciativas, se existisen. De presentarse, estudarase a viabilidade do plan económico presentado e as necesidades de ubicación.





9. Estudo de trazas dos camiños

Partindo do estudo do trazado da rede viaria do documento ambiental analizouse sobre o terreo o posible deseño dos novos camiños, en función das necesidades do procedemento reorganizador da propiedade, e en particular, dotar de accesos axeitados aos predios de substitución, camiños existentes, orografía e pendentes.


O plan de obras e os proxectos concretos que se redacten por esta administración deben ter en conta as necesidades para a zona pero sin perder de vista as limitacións e condicións impostas polo órgano ambiental.

Mantivéronse reunións de traballo para perfilar as trazas dos futuros viais co grupo auxiliar de traballo, atendendo aos requirimentos e coñecemento que teñen do terreo.

As actuacións técnicas proxectadas parten da premisa de aproveitar ou manter a rede viaria básica municipal existente, se acaso dotándoa de melloras precisas para o acceso aos futuros predios configurados coa reestruturación parcelaria, pero procurando que a obra afecte o mínimo posible ao estado actual do terreo e zonas de protección, evitando desniveis elevados. Ademais, para os camiños de nova apertura, estableceranse anchos suficientes para o paso de maquinaria agrícola.

A continuación achéganse os resultados das necesidades de camiños a mellorar ou de nova apertura para a zona, aínda que no proxecto de camiños será preciso chegar a un maior nivel de concreción de ser o caso posible modificación.





Imaxe 16: Trazas dos camiños novos

Cando se redacte o acordo de reestruturación, de ser preciso complementar algún camiño estudarase e recollerase, de ser o caso, no proxecto da rede de camiños secundarios.

A execución das obras aprobadas para a zona precisará das autorizacións preceptivas do órgano ambiental e demais autorizacións sectoriais preceptivas.

A continuación achégase unha táboa resumo cos datos significativos de cada camiño proxectado e as actuacións a realizar:





REDE DE CAMIÑOS DA ZRP DE VILADONGA:

Nome	Lonx. eixo (m)	PK Inicial	PK Final	Ancho plataforma	Orixe	Fin	Tipoloxía
1-1	184,74	0+000,00	0+184,74	5	Estrada N-640	Camiño 1-2	Nova apertura por ampliación da estrada existente
1-2	666,48	0+000,00	0+666,48	5	Estrada municipal	Camiño 1-1	Nova apertura por ampliación do camiño existente
2	356,55	0+000,00	0+356,55	5	Estrada N-640	Camiño 6-1	Nova apertura por ampliación do camiño existente
3	778,29	0+000,00	0+778,29	5	Estrada municipal	Camiño 1-2	Nova apertura
4	531,58	0+000,00	0+531,58	5	Camiño 1-2	Camiño 5	Nova apertura
5	1100,51	0+000,00	1+100,51	5	Estrada N-640	Estrada municipal	Nova apertura por ampliación da estrada existente
6-1	184,99	0+000,00	0+184,99	5	Estrada municipal	Camiño 6-2	Nova apertura
6-2	485,44	0+000,00	0+485,44	5	Camiño 6-1	Estrada municipal	Nova apertura por ampliación do camiño existente
7	529,12	0+000,00	0+529,12	5	Estrada municipal	Camiño municipal	Nova apertura
8	256,47	0+000,00	0+256,47	Variable	Estrada municipal	Camiño ZCP	Mellora
9	269,20	0+000,00	0+269,20	5	Estrada municipal	Camiño ZCP	Nova apertura
10	804,33	0+000,00	0+804,33	5	Estrada municipal	Estrada Municipal	Nova apertura
11	811,08	0+000,00	0+811,08	5	Estrada municipal	Estrada municipal	Nova apertura por ampliación do camiño existente
12	136,89	0+000,00	0+136,89	5	Camiño ZCP	Camiño ZCP	Nova apertura
13	609,28	0+000,00	0+609,28	5	Estrada municipal	Camiño 11	Nova apertura por ampliación do camiño existente
14	201,41	0+000,00	0+201,41	5	Camiño 11	Estrada municipal	Nova apertura
Total	7.906,38						

A lonxitude total dos camiños do proxecto é entorno ós 7.906 metros dos que 256 metros son a conservar, xa que as actuacións precisas limitanse a actuacións sobre a capa de rodadura e cunetas, e 7.650 metros trataranse como de nova apertura aínda sendo actuacións sobre o firme e capa de rodadura.

10. Proposta do plan de obras

Ademáis do proxecto que recolle a rede de camiños principais cun orzamento estimado entorno





ós novecentos mil euros.

Será logo da aprobación do acordo de reestruturación parcelaria pola dirección xeral competente, logo de configurados os predios de substitución, cando se entren a avaliar as necesidades de acondicionamento precisas para a posta en produción de xeito rendible dos novos predios, atendendo aos intereses das persoas titulares dos predios, de se forman parte de explotacións xa constituídas ou de nova creación, á accesibilidade dos predios, se existen compromisos de integración ou non no POPEVA, e as dispoñibilidades orzamentarias. Será necesario determinar se procede, e en caso afirmativo en qué termos, o acondicionamento de fincas, a creación de acesos dende os viais públicos de ser o caso ou a fixación dunha rede de camiños secundarios, etc. actuacións que poden ser executadas directamente pola administración agraria ou a través da convocatoria dunha orde de axudas, tal e como se regula no artigo 61 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia

11. Normas específicas no deseño de predios de substitución para explotacións integradas no POPEVA

Unha vez se coñezan as explotacións interesadas, determinarase individualmente para cada unha, atendendo ao tipo de explotación, necesidades, aproveitamentos a mellor configuración e localización dos predios que se adxudiquen atendendo ós criterios da METAGA e intereses dos propietarios.

Loxicamente no que atinxe ao tamaño dos predios de substitución vén dada polas regras que rexen no procedemento de reestruturación parcelaria e que está sempre en función da propiedade aportada ao proceso pola persoa interesada, e atendendo especialmente a clasificación de terras operada e aprobada, á que se lle outorgan valores obxectivos que serven logo para facer as compensacións oportunas

A maior abastanza, aquelas explotacións ou figuras xurídicas asociativas que se adherisen voluntariamente ao plan asumen o compromiso de manter o conxunto das terras en explotación conforme á orientación produtiva indicada no compromiso e incluída no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, durante un período mínimo de 15 anos desde que o acordo de reestruturación sexa firme, ou, no caso de cesamento de actividade, en arrendamento coas mesmas condicións polo prazo que reste ata completar o citado período mínimo. No caso de aproveitamentos forestais, o prazo mínimo será de 25 anos ou o prazo establecido no plan de ordenación aprobado pola autoridade forestal.

O incumprimento das obrigas asumidas coa aceptación deste compromiso é considerado como falta moi grave na METAGA.

11.1. Normas técnicas xerais para o emprazamento das predios de substitución

Con carácter xeral, calquera aproveitamento agropecuario e/ou forestal esixe unha configuración o mais regular posible que garanta a súa mecanización, así como unha superficie que en función do cultivo ou aproveitamento faga rendible a produción atendidos os custes precisos para obter esa produción.

Esixe ademais acesos a viais que permitan a entrada de maquinaria na propiedade para mellorar e simplificar o seu manexo e unhas labours de acondicionamento (nivelacións, roturacións, etc) actuacións, todas que deixen os predios en situación de facilitar ao seu adxudicatario a implantación dos cultivos e/ou aproveitamentos previstos.





A maior abastanza, identificadas as orientacións produtivas nas que estean interesados os titulares de explotacións que, de selo caso, se adhiran ao plan de ordenación, é posible que xurdan outras necesidades como zonas mais húmidas, necesidades de rega, etc.

Por este motivo, neste punto e con independencia de que existen unhas normas mínimas para todos os predios de substitución, deberán avaliarse as orientacións prioritarias produtivas e ver as necesidades concretas en cada caso que se determinarán a posteriori, e en particular no prazo dado para a formulación de peticións de preferencias nas adxudicacións dos lotes de remprazo.

12. Réxime transitorio.

Aínda que se establece o carácter obrigatorio do POPEVA, dende a súa aprobación pola dirección xeral competente, e polo tanto os posuidores das parcelas de bases obxecto da reestruturación parcelaria non poden implementar aproveitamentos nelas contrarios á determinación de usos aprobada co plan, esa eficacia pode quedar demorada ao momento da aprobación do acordo de reestruturación parcelaria que determina, entre outras informacións, o adxudicatario concreto dos predios de substitución e polo tanto a persoa responsable de cumprir coas obrigas que impón este documento, e a toma de posesión daqueles predios autorizada pola dirección xeral competente ou órgano que a substitúa.

Non se poden realizar aproveitamentos forestais (cortas de arborado existente ou novas plantacións) sin contar coa preceptiva autorización do servizo de infraestruturas agrarias, cuxa decisión ten carácter discrecional valorando entre outros extremos o estado de tramitación do procedemento reorganizador da propiedade e o coñecemento de que se dispoña en cada momento das posibles adxudicacións de propiedade, de xeito que non se permiten aproveitamentos forestais como novas plantacións se non resulta claro quen sexa o adxudicatario do predio no que se pretenda forestar.

Coa toma de posesión o adxudicatario do predio asume todos os dereitos e obrigas inherentes á titularidade dominical, é dono e posuidor, e polo tanto responsable fronte a terceiros dos efectos que o estado do predio implique.

Durante o prazo de toma de posesión, a persoa aportante dos terreos deberá retirar todo aquilo da súa titularidade cuxa permanencia no predio contraveña o uso establecido para o predio no POPEVA; de tratarse de masa forestal, deberá contar cos permisos e autorizacións, declaracións responsables e/ou comunicacións que establece ao respecto a normativa forestal, evitando causar danos ao predio, e a terceiros.

Para o caso de adaptación dos usos forestais prohibidos en solo de uso agropecuario, o período máximo será igual ao da quenda de corta da especie principal da masa forestal existente ou á determinación concreta que se estableza na resolución de autorización da toma de posesión. Para a determinación da idade de corta terase en conta o modelo silvícola ao que estea adherida a parcela ou ao que máis se asemelle a masa forestal existente (Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia, modificada pola Orde do 9 de febreiro de 2021).

Neste caso, logo de realizado o aproveitamento forestal autorizado do arborado existente no predio, non se permitirá a súa repoboación forestal, debendo destinarse aquel aos usos que para el se prevén no POPEVA, só pena de incorrer en responsabilidade pola comisión de infracción administrativa determinante da incoación de expediente sancionador, e, de selo caso, a apertura





e tramitación do procedemento de declaración de finca en estado de infrautilización e/ou abandono previsto na lei de recuperación de terra agraria de Galicia, sen prexuízo como ten quedado exposto da responsabilidade en que incorre quen contraveña as disposicións deste plan con prexuízos para terceiros que poderán reclamar o resarcimento dos danos ocasionados na vía xudicial ordinaria.

13. NORMATIVA

Resumo das referencias legais e normativas principais na materia:

- *Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.*
- *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.*
- *Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia,*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.*
- *Lei 5/2016, 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia*
- *Lei 1/2021 de 8 de xaneiro de ordenación do territorio de Galicia.*
- *Lei 11/2021, de 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.*
- *Decreto 79/2021, de 29 de abril, polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Viladonga (Castro de Rei, Lugo).*
- *Decreto 441/2009, de 11 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de monumento, o Castro de Viladonga, no termo municipal de Castro de Rei (Lugo).*
- *Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o catalogo galego de especies ameazadas.*
- *Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais.*
- *Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o inventario de humidais de Galicia.*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba el texto refundido de la Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos.*
- *Directiva Hábitats DC 92/43 CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e da flora silvestre.*
- *Directiva 2009/747/CE do parlamento europeo e do consello, de 30 de novembro de 2009, relativa a conservación das aves silvestres.*





14. BIBLIOGRAFÍA

Abdelkader, M., & Delali, A. (2012). Support system based on GIS and weighted sum method for drawing up of land suitability map for agriculture. Application to durum wheat cultivation in the area of Mleta (Algeria). Spanish Journal of Agricultural Research, 10(1), 34-43. <https://doi.org/10.5424/sjar/2012101-293-11>.

Barredo Cano, J. I. (1996): Sistemas de información geográfica y avaliación multicriterio en la ordenación del territorio. Madrid, Ed. Ra-Ma.

Carver, S.J. (1991) Integrating Multi-Criteria Evaluation with Geographical Information Systems. International Journal of Geographical Information Systems, 5, 321-339.

<http://dx.doi.org/10.1080/02693799108927858>.

Cascudo Cao, N. Caracterización de la cosecha mecanizada de maíz forrajero en Galicia. Estudios de caso y desarrollo de herramientas de ayuda a la decisión. Tesis Doctoral. Departamento de ingeniería agroforestal. Escuela Politécnica Superior de Lugo, septiembre 2016.

Consellería de Medio Rural. Anuario de Estatística Agraria (Ano 2020).

Corbelle Rico, E.J. Abandono da agricultura e cambios na cuberta do solo: aplicación de fotografía aérea histórica, modelos de regresión loxística e sistemas de axuda á decisión para o planeamento territorial na comarca da Terra Chá (Lugo). Tese

de Doutoramento, Lugo, xullo de 2009.

Corbelle Rico, E., Vila García, D. & Crecente Maseda, R. (2014). Mapa dixital de capacidade produtiva dos solos de Galicia. Laboratorio do territorio, Universidade de Santiago de Compostela. Dispoñible en <http://sit.usc.es/>.

Corbelle Rico, E., Vila García, D., Crecente Maseda, R. & Díaz-Fierros Viqueira, F. (2014). Dixitalización do mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia, Recursos Rurais nº 10.

Corbelle Rico, E., Díaz Manso, J.M., Crecente Maseda, R. & Martínez Rivas, E.M. Mercado e mobilidade de terras en Galicia. Modelos de oferta e demanda a escala parroquial.

Corbelle-Rico, E., Sánchez-Fernández, P., López-Iglesias, E., Lago-Peñas, S., Da Rocha, J.-M. (2022). Putting land to work: An evaluation of the economic effects of recultivating abandoned farmland. Land Use Policy, 112, 105808.

Díaz-Fierros Viqueira, F. & Gil Sotres, F. (1984). Capacidad productiva de los suelos de Galicia. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela.

Díaz Manso, J.M. Modelo de aptitude AGRO AMBIENTAL. Plan Territorial Integrado da bacía hidrográfica do río Eume.

Díaz Manso, J. M.; Santé Riveira, I.; Nieto Zas, E. A (2018). Aptitude do solo na avaliación de terras para a planificación territorial. Revista Galega de Economía <https://doi.org/10.15304/rge.27.2.5665>

IGE (2020). Anuario de Estatística Agraria. Xunta de Galicia.

IGE (2022) Padrón Municipal de Habitantes. Instituto Galego de Estatística. Instituto Galego de Estatística <https://www.ige.gal>

Jenness, J. (2006). Topographic Position Index (tpi_jen.avx) extension for ArcView 3.x, v. 1.2. Jenness Enterprises. Available at: <http://www.jennessent.com/arcview/tpi.htm>

Equipo Técnico Nacional Siose. Manual de fotointerpretación.





Equipo Técnico Nacional Siose. Descripción y documentación de la metodología y procedimientos automáticos del SIOSE de Alta Resolución.

FAO (1976). *A framework for land evaluation*. Roma: FAO.

FAO (2007). *Land evaluation. Towards a revised framework*. Roma: FAO.

Instituto Galego de Estadística. *Censo de poboación e vivendas*. <https://www.ige.gal/>

Ministerio de Agricultura, pesca y alimentación. *Servicio ATOM de descarga de datos*. Fondo Español de Garantía Agraria O.A.

Ministerio de Medio Ambiente. *Inventario Nacional de Erosión de Suelos*. Dirección General para la biodiversidad.

Ministerio de Industria, Turismo y Comercio. *Ahorro, Eficiencia Energética y Estructura de la Explotación Agrícola*.

Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) Castro de Rei. <https://www.castroderei.gal/es/pxom/>.

Pereira J.M.C & Duckstein (1993). A multiple criteria decision-making approach to GIS-based land suitability evaluation. *International Journal of Geographical Information Systems* (7), 5. <https://doi.org/10.1080/02693799308901971>

Pouliquen Kerlau, X. O pastoreo Moderno: Técnicas, Condicións Necesarias e erros habituais. Xestión Agrogandeira e Natureza SL. AFRIGA.

Rivas-Martinez, S. Memoria del mapa de series de vegetación de España. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. (I.C.O.N.A).

Rivera Martínez, A., Taboada Arias, A. & Miranda Barrós, D. Guía técnica de cultivos hortícolas.

Saaty, T.L. (1977). A scalling method for priorities in hierarchical structures. *Journal of Mathematic Psychology*, 15.

Santé Riveira, I. (2005). Diseño de una metodología y un sistema de ayuda a la decisión espacial para la planificación de los usos del suelo rural. Aplicación a la comarca de Terra Chá, Tese Doutoral. Universidade de Santiago de Compostela.

Santé Riveira, I. & Crecente Maseda, R. (2005) Evaluación de métodos para la obtención de mapas continuos de aptitud para usos agroforestales. *GeoFocus (Artículos)*, nº5.

Santé, I., Pacurucu, N., Boullón, M., García, A. M., Miranda, D. (2016). An open source GIS-based Planning Support System: Application to the land use plan of La Troncal, Ecuador. *Transactions in GIS*, 20, 976 990

Santé, I., F. F., Crecente, R., Boullón, M., Suárez, M., Porta, J., Parapar, J. & Doallo, R. A simulated annealing algorithm for zoning in planning using parallel computing. *Land Laboratory*. University of Santiago de Compostela. CITIUS. University of Santiago de Compostela. Computer Architecture Group. University of A Coruña.

Malczewski, J. (1996) A GIS-Based Approach to Multiple Criteria Group Decision Making. *International Journal of Geographical Information Systems*, 10, 955-971. <http://dx.doi.org/10.1080/02693799608902119>

Wu, F. & Webster C.J. (1998). Simulation of Land Development through the Integration of Cellular Automata and Multicriteria Evaluation. *Sage Journals* 25, 1. <https://doi.org/10.1068/b250103>





15. PLANOS

15.1. PLANO SITUACIÓN E LOCALIZACIÓN

15.2. PLANO ANÁLISE SITUACIÓN ACTUAL

15.3. PLANO DE TRAZAS DOS CAMIÑOS

15.4. PLANO DELIMITACIÓN USO AGRÍCOLA E FORESTAL

15.5. PLANO CON VISTAS 3D

Lugo, data da sinatura



O coordinador da Zona de reestruturación parcelaria de Viladonga, Manuel Tubío Figueiro
Vº e pr, a xefa do servizo, María Pérez Folgueira

Asinado por: PEREZ FOLGUEIRA, MARIA
Cargo: Xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias, Vº e
pr.
Data e hora: 11/06/2025 13:23:20

Asinado por: TUBÍO FIGUEIRO, MANUEL
Cargo: Coordinador da ZRP de Viladonga
Data e hora: 11/06/2025 12:44:22

As copias en papel deste documento teñen condición de
copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 19fguvTYDZY3 Verificación: <https://sede.xunta.gal/ove>






LEND

- Limite de parcelas
- Polígonos
- Edificacións
- Rede Viaria

0 250 500 m

Proxecto: **PLAN DE ORDENACIÓN DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACIÓN AGRARIA**

Zona: VILADONGA (CASTRO DE REI - LUGO)	Escala: 1:4.500	Data: Febreiro 2025
Plano: SITUACIÓN E LOCALIZACIÓN		Nº Plano: 1
Director Técnico: Manuel Tubío Figueiro		Asistencia técnica: PROVESTEGAL



- LEND
- AI Explotacións
 - Edificacións
 - Solo Núcleo Rural
 - Regos
 - Rede Viaria
- AFECCIÓN VILADONGA
- Especial Protección
 - Sensibilidade Ambiental
- Liña_teléfono
- LiñaTelefónica
- Liña_eléctrica
- Liña Alta Tensión
- Liña Media/BaixaTension
- USOS_ACTUAIS
- FORESTAL
 - IN
 - LABRADÍO



Proxecto: **PLAN DE ORDENACIÓN DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACIÓN AGRARIA**

Zona: VILADONGA (CASTRO DE REI - LUGO)	Escala: 1:4.500	Data: Febreiro 2025
Plano: ANÁLISE SITUACIÓN ACTUAL	Nº Plano: 2	
Director Técnico: Manuel Tubío Figueiro		Asistencia técnica: PROYESTEGAL




- LEND
- Limite de parcela
 - Proposta camiños
 - Edificaci3ns
 - Solo N3cleo Rural



Proxecto:

PLAN DE ORDENACI3N DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACI3N AGRARIA

Zona:	VILADONGA (CASTRO DE REI - LUGO)	Escala:	1:4.500	Data:	Febreiro 2025
Plano:	TRAZAS DOS CAMI3OS	N3 Plano:	3		
Director T3cnico:				Asistencia t3cnica:	
Manuel Tub3 Figueiro					



- LEND
- Edificacóns
 - Explotacións
 - Solo Núcleo Rural
 - Regos
 - Rede Viaria
 - Proposta de Camiños
 - Afeccións Viladonga
 - Especial Protección
 - Sensibilidade Ambiental
 - DELIMITACIÓN DE USOS
 - AGRARIO
 - FORESTAL



Proxecto:

PLAN DE ORDENACIÓN DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACIÓN AGRARIA

Zona:	VILADONGA (CASTRO DE REI - LUGO)	Escala:	1:4.500	Data:	Febreiro 2025
Plano:	DELIMITACIÓN DE USO AGRARIO E FORESTAL			Nº Plano:	4
Director Técnico:	Manuel Tubío Figueiro			Asistencia técnica:	PROYESTEGAL



- LEND
- Explotacións
 - Edificacións
 - Regos
 - Liña teléfono
 - Liña Telefónica
 - Liña eléctrica
 - Liña Alta Tensión
 - Liña Media/baixa Tensión
 - Vias
 - Proposta de camiños
 - Rede Viaria
 - APTITUDE
 - FORESTAL
 - AGROPECUARIO

0 250 500 m

Proxecto:

PLAN DE ORDENACIÓN DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACIÓN AGRARIA

Zona:	VILADONGA (CASTRO DE REI - LUGO)	Escala:	1:4.500	Data:	Febreiro 2025
Plano:	VISTA 3D	Nº Plano:	5		
Director Técnico:				Asistencia técnica:	
Manuel Tubío Figueiro					